



Coordinación: A.R. López e Soledade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación: Antón Lopo.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

O 11-M desde fora



Só décimas de segundos para transformar o mapa das emocións. Logo, a súa traducción inmediata no mapa político. Emocións que abrollaron en mutismo, medo, incerteza, pánico ante os feitos do 11-M e xenreira, rabia, enfado insostíbel ante un xogo mediático que levaron, entre idas e vidas de SMS, a milleiros de cidadáns ás rúas. Era o 11-M, “o noso 11-S” como rezaban nos titulares dunha prensa dividida entre os que acreditaron na información governamental ou nos que, dende os inicios da cobertura, a cuestionaron, como a BBC. Titulares amoreados en adxectivos –esa guerra de siglas entre ETA e Al Qaeda– que navegaron por Internet e colapsaron a rutina informativa en todo o mundo: dende

Madrid á vista

Vanarasi ata San Francisco ou Nova York pasando por Bruxelas. Catro puntos na voz de catro galegos que a Rdl recolle neste monográfico nun palpar naquel desconcerto, entre o cabalgamento de informacións e urxentes chamadas telefónicas na busca dos seus, dos deles, dos nosos. O escritor Xavier Queipo dende Bruxelas, o médico Felipe Noia dende San Francisco, Antón Lopo –coordinador deste xuplemento xunto a Soedade Noia– dende a cidade de Vanarasi ou Francisco Álvarez ‘Koki’ dende Nova York evocan as horas que seguiron ó 11-M: unha crónica dos non presentes –que non ausentes– entre o relato autobiográfico e as pegadas da memoria colectiva.



Tristeza não tem fim

Xavier Queipo

Deixen que comece cun verso dunha das miñas cancións favoritas. Deixen que comece cantaruxando para espantar de vez a tristura que asolaga todo o meu ser.

Vou partir de dúas premisas que considero necesarias:

1. O atentado de Madrid é unha salvaxada dunha inhumanidade abraiante. Obra de iluminados ou de loucos sen remedio. 2. Fosen quen fosen os perpetradores de semellante chacinería o seu acto é abominábel e a súa identificación e castigo fundamentais. O 11 de Marzo, hai agora dúas semanas, houbo en Madrid dous atentados. Un foi contra a sociedade civil madrileña e nel morreron, logo dunha serie de explosións nos trens de proximidades, 200 persoas. Non morreron por ser españois, como erroneamente declarou o xefe de goberno, senón que morreron por estar alí, independentemente da súa nacionalidade e orixe. O segundo atentado, máis insidioso pero igualmente brutal, foi un atentado contra a democracia, que comezou coas manifestacións do ministro do Interior atribuíndo inequivocamente á organización terrorista ETA a autoría da colocación das bombas nos trens. Un brutal e sanguiñento, o outro insidioso e calculado, inzado de mentiras e trapecerías. Así o vexo eu dende o meu observatorio de Bruxelas.

lrei devagar, por partes, resumindo os tres planos de visión que a min me pareceron, no seu momento, perfectamente distinguíbeis.

[O plano institucional]

Dende o primeiro momento da salvaxe chacinería, as autoridades das institucións europeas reaccionaron con serenidade e cordura (tan afastadas da caeza fervente e as ideas preconcebidas do executivo español), condenaron con dureza o atentado (viñera este de onde viñera) e chamaron á avaliación sistemática das probas. No día a seguir, tanto a Presidencia semestral irlandesa como a propia Secretaría Xeral da Comisión convocaron os funcionarios para que manifestasen a súa repulsa con tres minutos de silencio no traballo.

A reacción foi, pois, dende o inicio da crise, enérxica pero serena, sen procurar chivos expiatorios nin aventurar culpabeis sen explorar todas as hipóteses posibles. Xa máis tarde, cando as probas encamiñaban cara á hipótese do terrorismo internacional de base islámica, convocaron un cumio europeo sobre seguridade (o problema non era exclusivamente español, non era ETA, Europa estaba ameazada, había que adoptar medidas conxuntas, non se podía agochar información como a malsá estratexia gobernamental española intentou).

En definitiva, un comportamento sereno e controlado, de cabeza fría e preocupación conxunta, tan afastado, repito, da chapuza informativa e diplomática do goberno español, que debería estar chorando as súas vergonzas polas esquinas en troques de celebrar os votos recibidos e facer un balance positivo do seu mandato, triples negadores da realidade, traidores aos seus aliados europeos, pinocchios de naso afiado e vermello.

[O plano relacional]

A iso das nove e media do día 11 chegou unha mensaxe de Carme (unha madrileña) a todos os españois do noso edificio, pedíndonos autorización para difundir inmediatamente unha convocatoria un minuto de silencio para o mediodía. A resposta foi unánime (aínda que a algúns non nos gusten moito estas cerimoniais catárticas e preferiríamos, por exemplo, traballar unha máis cada día da semana en lembranza das vítimas) e alí estábamos ás doce en punto, calados como estatúas, cos ollos baixos e contendo as bágoas pola emoción e o arrepío inmenso.

Logo da confusión inicial non pararon de chegar mensaxes de condolencia e solidariedade dos amigos e os colegas de organismos internacionais que un ten repartidos polo mundo, de São Paulo e Dublin, de Ostende e San Francisco. Todos contrariados polo desenvolvemento dos feitos, todos rememorando os atentados do 11-S nos EEUU.

No traballo, houbo quen viñera a se interesar polo acontecido, quen quixera saber a miña opinión ou ensalzase ao goberno español (teño colegas de todas as tendencias políticas, aínda que son lexión os de dereitas). Cando expuxen a necesidade de analizar as posibilidades todas, houbo algún can adestrado da dereita máis mendaz que se atreveu a insultar a todos os que non seguían as consignas do goberno (logo, malpocado, tivo que comer as súas palabras en público, que seica é moi indixesto e días máis tarde engulir unha derrota das súas cores políticas que aínda lle escoce).

Mentres todo isto acontecía, a ministra máis aciaga das últimas décadas, esa especie de orate bobalición con perruca de menina de Velázquez, insistía cos embaixadores na solución etarra para a adiviña, obrigaba con desatinada técnica diplomática a que o Consello de Seguridade da ONU redactase unha resolución errada e persistía na súa particular cruzada. Unha vergonza. Un desatino. Unha loucura inzada de arrogancia. Un descrédito internacional. Un desastre en fin. O venres 12 houbo unha concentración en Bruxelas, coincidindo coas celebradas en España. Aquí o partidismo interesado insistiu nas consignas contra ETA seguindo en todo ás instrucións do goberno e indo e contra do espírito da convocatoria

(sen consignas e sen pancartas, só silencio). Cunhas doses de caridade é posíbel entendelos, os cans de présa (mesmo que teñan un título universitario) están xeneticamente modificados para non pensar por si mesmos, os cans só seguen cegamente consignas. Chorei de xenreira e impotencia. Comprendan, as eleccións fíanse celebrar e as mentiras levarían a xente a se agrupar arredor do goberno (catro anos máis de arrogancia e delirios imperiais. Que medo!)

O sábado pola mañá (xornada de reflexión, 13 de marzo) os carteis seguían xunto ás flores nas escalinatas da Bourse, onde tivera lugar a concentración. Dicían: "ETA asesinos y cobardes", "ETA no". Nin unha mención a outros sospeitosos, cando toda a prensa europea (liberal e conservadora, sen distinción, falaba xa da hipótese do terrorismo internacional próximo as consignas de Al Qaeda). Consignas. Só consignas. E, por certo, se non segues cegamente as consignas estás contra eles, e, poren, es un defensor dos terroristas. Que medo! Canta ignorancia e que medo!

No día 15, o seguinte ás eleccións, houbo colegas que me viñeron felicitar polo comportamento cívico e exemplar do pobo español, que dera unha lección de madurez e democracia. Sorrín de portas afóra, pero presinto que votaron co sangue fervendo e que ben poderían ter votado a contrario de confirmarse as hipóteses do goberno.

[O plano persoal]

Dende o inicio vivín os acontecementos con moita emoción e algún que outro pranto que agora explicarei polo miúdo. Cando alguén se achegaba a indagar non dubidaba eu en comezar unha análise desapaixonada dos feitos, adiantando posibilidades e vías de investigación. A negativa de Otegui, o achado da furgoneta cos versículos coránicos e os detonadores, o feito de que o explosivo non fose o que utiliza ETA, a reivindicación do atentado, o propio modus operandi... todo levaba a pensar nun ataque do terrorismo islámico en plena guerra santa contra os cruzados. Analizaba eu tamén, con marcada xenreira tras dos ollos, a quen beneficiaba unha teoría única (a de ETA) e a negación das outras. Claramente ao goberno. Cheguei a escribir unha reflexión sobre o carácter antidemocrático das eleccións se o goberno continuaba ocultando información básica. Eu choraba de medo e impotencia, de xenreira extrema e ganas de berrar aos catro ventos! Eu exercera xa o meu dereito a voto por correo, pero veía que os meus conciudadáns non terían a mesma liberdade para votar o domingo 14 de marzo. Non me preocupaba ter a mesma teoría que logo mantería o goberno do PP. Naquel instante, calquera votación, co pobo desinformado e tremendo de medo, non sería unha votación libre e, poren, non sería unha votación democrática.

Chegou a tarde do sábado 13 e con ela o primeiro SMS indicando que o Presidente dos EEUU (non pronuncies o seu nome, non ensucies a túa boca) sentía que a participación española na guerra do Iraq tivese ocasionado a resposta dos terroristas en Madrid. As cartas estaban votadas. O goberno mentira con alevosía.

O día 14 pasei o día enteiro traballando nunha tradución e xa logo entrei no cinema para non ter a tentación de querer seguir os resultados das eleccións ao minuto. As dez e media da noite metínme nun Cyber, conectei con www. Aljazeera.com na súa edición en inglés e logo entrei no xornal francés Liberation. Resultado coñecido. Cambio de goberno e unha tímida esperanza de rexeneración. Xa se verá. Se alguén non entendeu porque faleu nun principio do duplo atentado de Madrid espero que agora o entenda mellor. Un atentado sanguiñento e brutal e un atentado á razón e á democracia. É a miña opinión. Hai outras. Pódoas respectar e o mesmo trato pido para a miña, nun mundo que quero en convivencia pacífica e reflexión desapaixonada, nun mundo que quero de diálogo entre homes bos e xenerosos e non de intercambio de consignas totalitarias. Descansen en paz os nosos 200 irmáns mortos, arrincados da vida pola barbarie! Comprendan agora que me sinto triste e que retome o verso da canción: tristeza não tem fim, felicidade sim.

Bruxelas 29 de marzo do 2004



A razón da fouce

Desenrugábanse as horas da mañá, na que din a capital do mundo. Quecía o café na Cociña e polas ventás dos apartamentos entraba a lingua do día. Era o día once de marzo, un día máis no calendario. Unha extensión do luns que nos lembraba o comezo da semana. As grandes cidades nunca dormen. Nova York, non é ese crisol de razas que conviven cada día (puro camelo). Pero si é esa mestura de xente e de relixións que non ten máis remedio que convivir cada día. O mesmo escoitas ás oito da noite unha beata rezar o santo rosario, como escoitas nun balcón de calquera apartamento as voces dun árabe que reza ás tres da mañá de xeonllos nunha alfombra cara á Meca. Pero Nova York, sente so e sofre como calquera cidade do mundo. O espertar do día once de marzo sorprendeunos de sangue, porque aqueles que madrugaron máis, sentiron o fría dolor dun coitelo xeadado, e foron mensaxeiros da dolor transmitida como un virus electrónico de boca a boca e a golpe de

Nova York

Non parece que dende miles de quilómetros e con varias horas de diferenza de hora solar sexa o mellor sitio para dar unha opinión, ou ter coñecemento do que está a acontecer. Aínda parece ser que é moi certo que os amores máis queridos se dilúen por mor da distancia. Pero no mundo no que vivimos non é doado manter os oídos virxes das informacións, sobre todo das múltiples traxedias que nos rodean, aínda que sexan no derradeiro recuncho da bola do mundo.

A emoción dende San Francisco

Felipe Noia

Atopábame eu en San Francisco, California por mor dun mitin de médicos traumatólogos de todo o mundo que se reunían no chamado congreso anual da AAOO o día tal 11-M, seica é como se di agora. En realidade eran a penas 24:00 h do día 10, xa rematara o segundo día da miña estadia nos EEUU, estaba xa deitado na miña alcoba xogando co mando a distancia da TV. De súpeto vin unhas imaxes do que semellaba unha traxedia ferroviaria, e, tal coma a vin, o meu dedo pulsou as teclas para cambiar de emisora. Non é novo en min usar a táctica da avestruz nistes casos, non me agradan en nada estas cousas. A noite discorreu sen máis sobresaltos cos dos rapaces da liga universitaria de baloncesto chimpando na loita por un balón.

Xa era de mañá, e en chegando ó salón para o almorzo ás 8.00 h de San Francisco, que eran as 5.00 h en España, atopeime con algúns dos meus colegas da viaxe falando do que en realidade eran aquelas imaxes das que fuxira a noite anterior. No meu inconsciente quedara a lembranza do emitido: o gravado nas costas do persoal que asistía aos feridos cun rótulo da policía española e mailo símbolo redondeado co que Renfe asina aos seus trens de proximidades.

O día pasou monotemático, pescudando toda a información posíbel. A prensa pouco decía, por mor da diferenza horaria. Algo había na última hora, incontables mortos e feridos, e dous supostos sobre os autores: ETA ou Al Qaeda, xunto cunha ampla referencia ao que era eso de ETA, que non parece ser moi coñecida por eses mundos. Na televisión ás informacións da mañá xa case que a confirmaban que a asasinata fazaña fora de Al Qaeda, baseándose no que semellaba fonte de moita confianza por unha chamada á BBC. Parecía que no goberno español as cousas non estaban tan claras. A cousa entendíase moi grave, anque semellaba algo afastada ata que nos atopamos nun corro cun colega madrileño. Contaba, aínda sobresaltado, o longas que se lle fixeron as primeiras horas da noite pasada esperando noticias, do seu teléfono móbil, da súa filla que adoptaba pasar pola estación de Atocha: cada mañá ás 8.00 h cara ó seu traballo. A cousa xa era máis próxima. Foron tres días de reflexións. ¿Como poden ocorrer estas cousas?. ¿Tanta diferenza hai entre as culturas, tan


pouco valen as vidas? ¿Tanta forza teñen ás relixións? Nos meus paseos por San Francisco chámoume a atención a cantidade de xente que polos seus trazos físicos chegara de lonxe –eles ou quizabes os seus ancestros– Chineses, xaponeses, polinesios, negros, etc. a cousa non era propia dos nosos tempos. Un colega contábame dos atrancos varios que unha muller polaca que traballa na casa da súa nai como asistente tivo para conseguir un permiso de residencia en España. As cousas non son doadas, as respostas tampouco.

Pero, se algo eu botaba de menos non era unha información senón un sentimento. Sentíame algo reflexivo de cote. Botaba de menos os sentimentos, non sei se tiñan que ser de odio, desesperanza, vinganza ou reafirmación dos meus postulados previos. Non era doado. Dende a distancia tiña unha visión máis cabal, ademais de real do acontecido. Coma se eu mesmo, na miña casa de Santiago, non puidese tela. Pero sentíame orfo de sentimentos, anque non sabía de qué. O qué pasaría nas eleccións era claro: se foron uns os asasinatos gañan uns, se non serán os outros, non sei por qué pero así sería. Estes homes de Al Qaeda parecen ter moita organización non só na táctica propia dos seus actos senón tamén nas estratexias previas.

Xa chegaba o día de volver. Por mor da diferenza horaria na nosa escala en New York serían ás 18.00 h pero xa se sabería o gañador nas eleccións. As opinións eran contradictorias entre ós viaxeiros españois ó respecto do resultado, pero ninguén esperaba algo parecido.

Xa estábamos máis preto. ¿Que estará a acontecer?: Chegaban as informacións, gañara o PSOE. Chegaban outras informacións neste caso desesperanzadoras, as que xurden cos sentimentos: a muller polaca tamén morrera nos trens. Semellaba certo que na distancia eran difusos. Aínda non estábamos en España e xa parecían xurdir con máis forza. Parece ser certo aquilo dos amores distantes, e só desexo que non ocorra ó mesmo cos odios achegados e que non sexa a distancia a única maneira de esco-rrentalos. Gracias.

San Francisco, 11 de marzo do 2004



O río dos mortos

O 11-M nós estabamos en Varanasi, aquí

Antón Lopo

É difícil explicar que sentimos ese 11 de marzo, cando Chema chegou ó Hotel Gampati de Varanasi e dixo: "¿Pero é que non sabedes o que pasou?". Trato de reconstruír as emocións –contradictorias–, o que fixemos cando el –conxeccionado– lanzou o seu macuto sobre mesa e rincho un "fillos de puta", antes de detallarnos o número de mortos –"máis de cen"– e os autores do masacre: ETA. Trato de capturar a rabia que inzou en nós e lembrar qué dixemos, os pensamentos que cruzaron pola miña cabeza e o frío que se nos apegou á pel anque fosen as tres da tarde –as 10.30 en España– e Varanasi suase de calor.

Pasaron varias semanas desde o 11-S pero poño a Zakir Hussain no reproductor do CD e pecho os ollos. Sei que a música ten a capacidade de recuperar recordos esquecidos, de trasladarnos a espazos perdidos e devolvernos sensibilidades das que por un trauma, ou por preguiza, prescindimos. Elixo Hussain porque el nos acompañaba eses días e porque, dalgún xeito, ó escoitalo podo respirar as especias e o cheiro acre, a fermentación, das rúas de Varanasi. O seu sol apelmazante, camuflado de opaco e de néboa para enganar os viaxeiros despidados e chucharlle a auga das cantiploras. Un sol callado de moscas, tantas que parece ser a pro-

pia luz a que zoa polo bater das súas miles de ás transparentes.

Si, aí están, os recordos. Aparecen ó primeiro caóticos, amoreados pola súa expresividade. Logo, pouco a pouco, vanse ordenando temporalmente, con fisgoas que se obstinan en permanecer baleiras, pero dalgún xeito secuenciados, cunha caste de lóxica que encaixa na memoria.

Lembro que a noite anterior nos reunimos no patio do Gampati con abondosa loción antimosquitos, bebendo unhas cervexas que Chema conseguira a bo prezo nun local da parte europea da cidade. A proximidade das eleccións en España excitábanos. Eu levaba meses coa idea de que Zapatero sería o próximo presidente e todos rían de min, aínda que Chema –un home de esquerda pragmática– barallase a posibilidade dunha alianza entre os socialistas e IU, para tirar o país da "horrible levitación" –decía– na que o sumira o Goberno de Aznar. Chema, vigués de adopción, poñía como exemplo da ineptitude o caso dos vertidos do Prestige, a Guerra de Iraq, o peso que os fundamentalistas católicos colleran nos ministerios ou a manipulación informativa. Todos tiñan a súa opinión en canto á valoración do presidente e o seu equipo, pero ninguén era optimista respecto dunha

relevo, sobre todo tratándose da opción Zapatero, que consideraban unanimemente un home sen gancho popular nin carácter. Unha parella de madrileños, que pasaba o día enteiro fumando porros e comendo opio, prefería incluso a Aznar, pois nel percibían unha garantía de forza e a promesa de erradicar a inseguridade cidadá que nos últimos anos se dera no seu barrio de Madrid, precisamente Atocha.

Na conversa foi inevitable que faláramos de ETA, do problema vasco e do nacionalismo español. Para Carlos Sousa, un vasco con conexións galegas, o nacionalismo español era o responsable das páxinas máis terribles da historia dos últimos anos en España. En canto a ETA, preguntábase, como tantos vascos, quen estaba verdadeiramente detrás da organización. E tal vez por esta tertulia, polas discusións e o acaloramento que chegamos a ter por momentos, a noticia do masacre de Madrid foi como se o chan se volvese elástico, movedizo, e nós nos esforzamos por facer pé e camiñar: cada paso que dabamos, cada frase que dicíamos, convertíase nun esforzo imposible. E iso que aínda faltaba o peor.

Hai dous lugares en Varanasi que teñen o castelán de lingua marco: o ghat de Dasaswamed, onde se aposta Babagi, un sadhu que lle serve de inspiración ás esculturas místicas de Ramiro Calle e que –asegura– foi español na súa vida anterior, e o Hotel Gampati. A carta do restaurante do Gampati é a única da cidade en castelán e nela ofrécense tortilla de patacas ou ensaladas adubadas con aceite de oliva andaluz. A responsable desas cortesías é María, unha periodista marbellí que casou con Chicú, o propietario do hotel. Chicú, amable e distante á vez, de pel atezada e nariz grande, fala castelán con soltura, o cal atrae ó establecemento unha abondosa clientela de españois, mesmo de cataláns que só se expresan en inglés pero atopan na

debatía cos ollos a punto de desbordarse polas bágoas e que, de feito, por quendas, choraba silenciosamente ó aire do ventilador, sorbendo por paliñas a Coca-Cola para que a gorxa non se nos pechase. Os insultos contra ETA non cesaban. As circunstancias eran aterradoras e Carlos, aparentemente o máis relaxado, insistía na súa tese sobre os beneficiarios directos do grupo terrorista: o PP –diciá–, como acontecera en vésperas da primeira maioría de Aznar. Chema mordía os cigarros e Paola trataba de endereitar a emoción xogando ó xadrez comigo, pero nin ela nin eu nos concentrabamos.

A paisaxe dos nosos cerebros –non a deslumbrante paisaxe que tiñamos enfrente e non viamos– resultaba humanamente atroz, politicamente terrible. Imaxinabamos o país partido, destruído, centos de familias atestadas de pavor, a Carod Rovira –referíamonos a el co alcume de ‘Estrellita Castro’– crucificado e a Aznar santificado polas evidencias dun acto irracional, criminal, fascista. ¡Os barrios máis pobres de Madrid cubertos por unha manta de sangue e morte!

Un a un fomos desfilando polo teléfono –o Goberno indio abaratóu as tarifas ata cotas risibles para fomentar os móbiles na clase media emergente tras as privatizacións– e regresabamos co corazón roto. A miña irmá chorou desde o outro lado do teléfono. Doíalle especialmente que o masacre fose feito por españois: para ela, os membros de ETA son españois, insensatos e perversos, pero españois á fin e ó cabo. Nas súas palabras resucitaba a España fratricida, enconada de traidores. Eu non sabía cómo consolala. A voz non me saía. Só notaba un agarrotamento aquí, no peito, e a vertixe do estómago, revoltido, ó bordo dos vómitos.

Chicú contaxiouse do noso desasosogo e abriu-nos o seu cuarto para que viramos a televisión por se informaban do atentado. Así era. A BBC retrans-



vella casona do Gampati unhas espléndidas vistas ós ghats principais e ó Ganxex, un agocho de pradeiz, servizo impecable e proximidade cultural.

A presenza de María polo patio e as terrazas, bailando desinhibidamente como a estrela dun musical de Bollywood, dálle un glamour e un hedonismo que moi poucos hoteis teñen en Varanasi, gobernada pola casta superior dos brahmins intransixentes e por valores tradicionais estritos. Pero o 11 de marzo, María estaba abatida. Acababa de chegar de Delhi cargada de compras para a súa tenda de Pampaneira, nas Alpujarras, un bolso de Louis Vuitton último modelo e un vestido branco de algodón con bordados a man que resaltaban a cor tostada da súa pel. Sen embargo, non había brillo nela. Con Chelo, unha muller que desafiara o probable e o improbable para levantar unha escola en Jaisalmer de nenos sen recursos, debullaba no catre dunha das terrazas o lúgubre panorama que abrían os atentados de Madrid. Arredor delas xuntámonos todos: a deseñadora de High Life de Ibiza, Paola; Amor, unha burgalesa desacomplexada cunha longa lista de espera no seu corazón; Josu, o saxofonista vasco, que ó atardecer interpretaba melodías de jazz mirando o Ganxex; Pedro, o vendedor de papaventos; o místico pacifista Gustavo, en tránsito temerario cara ó Nepal –a fronteira levaba varios días pechada polos combates do exército maoísta, pero el insistía en ir–; Leticia, unha rapaza de Vilaboa namorada dun tablista que vive en Varanasi desde hai un ano; un malagueño macarra e simpático de cabeza afeitada que se chamaba Rafael, a parella de madrileños, Chema, Carlos Sousa e máis eu. Unha verdadeira colonia que

mitían en directo desde Madrid. As imaxes estre-mecéronnos. Peor do que na nosa amargura oriental albiscabamos. Algúns de nós non as resistiron e regresaron á terraza co corpo encollido. Outros, quedamos alí, chorando, tremelcando, batendo as queixadas co medo e o noxo. E aí foi cando a BBC, a media tarde do día 11, amosaba as súas dúbidas de que os autores do masacre fosen os de ETA e dáballe maior credibilidade á autoría de Al Qaeda, que o Goberno español –subliñaban os reporteiros– teimaba en desbotar, porque “este atentado” –diciá un representante do Ministerio de Interior nunha entrevista de estudio– “leva a si-natura inequívoca de ETA”.

A nós, de repente, asaltáronnos as dúbidas. Paola, Carlos, Amor e máis eu non perdemos o tempo. Fomos ó ciber cercano –hai dúcias por Varanasi adiante: dez rupias (uns 18 céntimos) a media hora– e entramos nos periódicos ós que nos foi posible. GALICIA HOXE informaba amplamente, así como El Mundo ou El País, pero só El Correo Español–El Pueblo Vasco reflectía en primeira páxina e en grandes caracteres que Otegui negaba a autoría de ETA. Os mortos ninguén lles devolvería a vida, a morte dos seus rostros era a nosa dor, unha dor que ninguén de nós sentira antes con aquela crueza inexplicable, pero era moi distinto que os asasinados fosen os fundamentalistas islámicos ou, como dicía a miña irmá, “outros españois”.

Ese día, ó solpor, fomos ós ghats ver o trasfego de peregríns e tomar uns chais. Toda a cidade coñecía xa o atentado e Babagi –facendo caso omiso da súa impasibilidade de sadhu– non aforrou ad-nectivos. Os viaxeiros occidentais cos que coinci-

diamos dábannos o pésame, sobre todo os israelitas, que nos pasaban un brazo polo ombro e case choraron ó tratar de consolarnos, israelitas –hai que dicilo– que acto seguido maldicían a Sharon e saloucaban por un acordo cos palestinos.

Á noite, fomos cear á casa dunha familia de comerciantes cos que Carlos mantén estreita relación e os pésames repetíronse. Os nosos anfitrións estaban consternados e agoiraban que a cifra provisional de 120 mortos se duplicaría, igual que os oitocentos feridos iniciais. “Vai pasar como na India, que sempre temos que darlle a volta ós mortos oficiais cando hai un atentado en Assam ou en Caxemira”, aseguraba Print, o irmán máis rápido para os negocios da familia. Tamén nos puxeron a televisión. A BBC seguía transmitindo en directo. Era brutal. Case non puidemos cear. Os reporteiros insistían máis en Al Qaeda e a familia india –de relixión hindú e votantes do extremista Bharatiya Janata Party–, en ningún momento se acirronaron contra os musulmáns, pese ós históricos enfrontamentos que os practicantes de ambas as relixións manteñen e pese á sangría de Caxemira ou as guerras con Paquistán. Diferenciaban moi ben entre os islámicos e o fundamentalismo de Al Qaeda que, lembrou Print, foi sufragada por Estados Unidos. Na India, os Estados Unidos tampouco son moi aprezados.

A aposta de ETA daba paso a un xenérico “terroristas” nas edicións dixitais dos periódicos españois do día 12 e os xornais indios –cunha escaleta sección de Internacional onde se mestura a Madonna con James Bond e Tony Blair– reproducían a catro columnas o masacre de Madrid, cos fundamentalistas do Islam como probables autores, mentres a BBC só usaba o nome de ETA dun xeito residual nas reportaxes. A últimas horas da tarde, foi cando os atribulados seareiros de Bin Laden reivindicaron en Londres os atentados. A noticia

brimos, en realidade, que era moito máis fiable a información que se recibía fóra das fronteiras políticas dun estado, nunha demostración de cómo os gobernos controlan o coñecemento e cómo o utilizan ó servizo dos seus intereses e do seu mantemento no poder. Ás veces, estamos tan cerca, tan dentro, que non podemos ver.

Deixamos que o domingo trancorrese cun lassi especial preparado por un imprentador de teas, Sitaram, no seu casal de Godaulia. Paseamos polos gahts, conversamos con Babagi e visitamos a Librería Índica, a mellor de Varanasi. A Índica, especializada en temas indios con numerosos títulos en catalán e castelán, está dirixida por Álvaro Enterría, un español residente na cidade desde hai décadas que converteu a súa librería nun referente no mundo hispánico. Á noite, recollémonos no Gampati e mantivemos unha tertulia na que ninguén se referiu nin ó atentado nin ás eleccións. Eu, sen embargo, non podía pensar noutra cousa e, por suposto, perdín con Paola a partida de xadrez. Estaba demasiado disperso. Ás doce e media da madrugada do día 15 –as oito da tarde en España– chamamos a Galicia e xa nolo dixeron: gañara Zapatero. Non houbo celebracións, nin euforia, nin risos... Marchamos durmir, simplemente, moi tranquilos. Desde a nosa perspectiva, era fácil comprender a sedante decisión que tomaran os españois contra todo prognóstico: non querían esperar o luns e atoparse cunha continuación da farsa. Pasaran por alto moitas suculecias, preparadas con adubíos primorosos nas cociñas secretas do poder, pero non estaban dispostos a engulir outra exquisitez máis de solombo con excesivas especias. Ata a masa impenetrable dos abstencionistas saíra do seu mutismo para berrar: ¡Basta xa! ¡Nunca máis!

As edicións dixitais do día quince facíanse eco do triunfo socialista, pero resultaba case imposi-



atronou no Gampati e moitos fomos os que choramos de tensión sostida, de conmoción. Os argumentos da loita fraticida perdían peso e pertinencia, pero aínda así, nas informacións que viñan de España por boca do goberno, insistíase en ETA. O ocultamento indignounos. Agora, máis que das vítimas, acordadámonos dos vivos, do que estarían a sufrir, da súa angustia, da desorientación, do silencio, do continuo bombardeo de imaxes de sangue. Un labirinto na antesala das eleccións.

A perspectiva das votacións deran unha volta en redondo, pero a maioría dos hóspedes do Gampati mantiñan que os españois ían seguir apoiando ó Partido Popular co seu voto. Algúns levaban a súa xenreira ás últimas consecuencias e acusaban a Aznar de xenocidio. Apuntaban a necesidade de denunciarlo xudicialmente: responsabilizábano directamente dos mortos, que a estas alturas se achegaban ós douscentos. A foto de Aznar con Bush e Blair nos Azores levaba un epílogo de traxedia no reverso, agrandadas as consecuencias dunha guerra inxustificable pola peneira diaria dos mortos nos exércitos ocupantes e a evidencia de que o dictador Saddam non almacenaba as terribles armas de destrución masiva.

Non é de estrañar que, ante as incógnitas, esperáramos o 14 de marzo con nervosismo. Ese día, os periódicos dixitais españois falaban xa abertamente de Al Qaeda e as noticias telefónicas que viñan de España amosaban ata qué punto estaban encrechados os ánimos. Podíamos seguir hora a hora os acontecementos, nunha experiencia que nos ensinou o poder da sociedade globalizada e a rapidez das súas canles de comunicación. Descu-

ble atopar un só monitor libre nos ciber de Varanasi, copados polos españois que, con pel de pito, asistían atónitos e eufóricos ó cambio político que se efectuara. Os periódicos indios non recolleron a información ata o día 16, cun elocuente titular “España castiga a Aznar pola Guerra de Iraq”. Viña a tres columnas, moito máis pequeno que a ampla información do día 17, en que ‘The Times of India’ recollía o “non” rotundo de Zapatero ás peticións de Bush para manter as tropas en Iraq. Ese, probablemente, foi o xesto que máis lles impresionou ós indios, o que máis admiraron, o que máis comentarios levantou: desafiar a Bush antollábaselles unha auténtico cambio de réxime.

Ese 16, en vésperas do regreso a Mumbai, Babagi buscoume un barqueiro que me levase ó outro lado do río, onde eu quería ir para facerlle unha pulla ós mortos do 11-M, a Luísa Villalta –non podía crer que o seu violín non volvесе soar nunca– e ó meu pai, que morrera había exactamente seis meses en Monforte. Rahul, o barqueiro, conducíame ó outro lado con parsimonia, deténdose no medio para contar as excéntricas peripecias dos moradores dalgúns dos palacios aínda en pé.

Ó chegar, Rahul botou a man á area para ancorar a barca e ó sacala da auga, trouxo entre os dedos unha moeda de cinco rupias. Eu acababa de cruzar o río dos mortos e o destino –pensei– pagáballo ó meu barqueiro. Era simbolicamente tan intenso que non debía pensalo máis.

.....
 As fotos deste artigo son de Varanasi. O sadhu que aparece na páxina 10 é Babagi.

É difícil explicar o que sentimos ese 11 de marzo, cando Chema chegou ó Hotel Gampati de Varanasi e dixo: “¿Pero é que non sabedes o que pasou?”. Trato de reconstruír as emocións –contradictorias–, o que fixemos cando Chema –conxestionado– lanzou o seu macuto sobre mesa e rinchou un “fillos de puta” entre dentes, antes de detallarnos o número de mortos –“máis de cen”– e os autores do masacre: ETA. Trato de capturar a rabia que inzou en nós e lembrar qué dixemos, os pensamentos que cruzaron pola miña cabeza e o frío que se nos apegou á pel anque fosen as tres da tarde –ás 10,30 en España– e Varanasi suase de calor.

Pasaron xa varias semanas pero poño a Zakir Hussain no reproductor do CD e pecho os ollos. Sei que a música ten a capacidade de recuperar records esquecidos, de trasladarnos a espazos perdidos e devolvernos sensibilidade das que por un trauma, ou simplemente por preguiza, prescindimos. Elixo Hussain porque el nos acompañaba eses días e porque, dalgún xeito, ó escoitalo podo respirar as especias e a cheiro acre, de fermentación, das rúas de Varanasi. O seu sol apelmazante, disfrazado de opaco e néboa para enganar os despistados e chucharlle a auga das cantipiloras. Un sol callado de moscas, tantas que parece ser a propia luz a que zoa polo bater das súas miles de ás transparentes.

Sí, aí están, os records. Aparecen ó primeiro caóticos, amoreados pola súa expresividade. Logo, pouco a pouco, vanse ordenando temporalmente, con fisgoas que se obstinan en permanecer baleiras, pero dalgún xeito secuenciadas, cunha caste de lóxica que encaixa na memoria.

Lembro que o día anterior, pola noite, nos reunimos no patio do Gampati con abondosa loción anti-mosquitos e arredor dunhas cervexas que Chema conseguira a bo prezo nun local da parte occidental da cidade. A proximidade das eleccións en España excitábanos. Eu levaba meses coa idea de que Zapatero sería o próximo presidente e todos rían de min, aínda que Chema –un home de esquerda pragmática– barallase a posibilidade dunha alianza entre os socialistas e IU, para tirar o país da “horrible levitación” –dicián– na que o sumira o Goberno de Aznar. Chema, vigués de adopción, poñía como exemplo da ineptitude o caso do Prestige, a Guerra de Iraq, o peso que os fundamentalistas católicos colleras nos ministerios ou a manipulación informativa. Todos tiñan a súa opinión en canto á valoración do presidente e o seu equipo, pero ningún era optimista respecto dun relevo, sobre todo tratándose da opción Zapatero, que consideraban unanimemente un home sen gancho popular nin carácter. Unha parella de madrileños, que pasaba o día enteiro fumando porros e comendo opio, prefería incluso a Aznar, porque nel percibían unha garantía de forza e a promesa de erradicar a inseguridade cidadá que nos últimos anos se dera no seu barrio de Madrid, precisamente Atocha.

Na conversa foi inevitable que faláramos de ETA, do problema vasco e do nacionalismo español. Para Carlos Sousa, un vasco con conexión galegas, o nacionalismo español era o responsable das páxinas máis terribles da historia dos últimos anos en España. En canto a ETA, preguntábase, como tantos vascos, quen estaba verdadeiramente detrás da organización. E tal vez por esta tertulia, polas discusións e o alboramento que chegamos a ter por momentos, a noticia do masacre de Madrid foi como se o chan se volvese elástico, movedizo, e nós nos esforzamos por facer pé e camiñar: cada paso que dabamos, cada frase que dicíamos, convertíase nun esforzo imposible. E aínda faltaba o peor.

Hai dous lugares en Varanasi que teñen o castelán de lingua marco: o ghat de Daseswamed, onde se aposta Babagi, un sadhu que lle serve de inspiración ás esculturas místicas de Ramiro Calle e que –asegura– foi español na súa vida anterior, e o Hotel Gampati. A carta do restaurante do Gampati é a única da cidade escrita en castelán e a única que ofrece tortilla de patacas no seu menú ou ensaladas adubadas con aceite de oliva andaluz. A responsable das cortesías é María, unha periodista marbellí que casou con Chicú, o propietario do hotel. Chicú, amable e distante á vez, de pel atezada e nariz grande, fala castelán con sultura, o cal atrae ó establecemento unha abondosa clientela de españois, mesmo de cataláns que só se expresan en inglés pero

atopan na vella casona do Gampati unhas espléndidas vistas ós ghats principais e ó Ganxes, un agocho de pradeiz, servizo impecable e proximidade cultural.

A presenza de María polo patio e as terrazas, bailando desinhibidamente como a estrela dun musical de Bollywood, dálle un glamour e un hedonismo que moi poucos hoteis teñen en Varanasi, gobernada pola casta superior dos brahamíns intransixentes e por valores tradicionais estritos. Pero o 11 de marzo, María estaba abatida. Acababa de chegar de Delhi cargada de compras para a súa tenda de Pampaneira, nas Alpujarras, un bolso de Louis Vuitton último modelo e un vestido branco de algodón con bordados a man que resaltaban a cor tostada da súa pel e, sen embargo, non había brillo nela. Con Chelo, unha muller que desafiara o probable e o improbable para levantar unha escola en Jaisalmer de nenos sen recursos, debullaba no catre dunha das terrazas o lúgubre panorama que abrían os atentados de Madrid. Arredor delas xuntámonos todos; a deseñadora de High Life de Ibiza, Paola; Amor, unha burgalesa desacomplexada cunha longa lista de espera no seu corazón; Josu, o saxofonista vasco, que ó atardecer interpretaba melodías de jazz mirando o Ganxes; Pedro, o vendedor de papaventos; o místico pacifista Gustavo, en tránsito temerario cara ó Nepal –a fronteira levaba dous días pechada polos combates do exército maoísta, pero el insistía en ir–; un malagueño macarra e simpático de cabeza afeitada que se chamaba Rafael, a parella de madrileños, Chema, Carlos Sousa e máis eu. Unha verdadeira colonia que debatía cos ollos a punto de desbordarse polas bágoas e que, de feito, por quendas, choraba silenciosamente ó aire do ventilador, sorbendo por palliñas a Coca-Cola para que a gorxa non se pechase. Os insultos contra ETA non cesaban. As circunstancias eran aterradoras e Carlos, aparentemente o máis relaxado, insistía na súa tese sobre os beneficiarios directos do grupo terrorista: o PP, como acontecera en vésperas da primeira maioría de Aznar. Chema mordía os cigarrillos e Paola trataba de endereitar a emoción xogando ó xadrez comigo, pero nin ela nin eu nos concentrabamos.

A paisaxe dos nosos cerebros, non a deslumbrante paisaxe que tiñamos enfronte e non víamos, resultaba humanamente atroz, politicamente terrible. Imaxinabamos o país partido, destrozado, centos de familias atestadas de pavor, a Carod Rovira –referíamonos a el co alcume de ‘Estrellita Castro’– crucificado e a Aznar santificado polas evidencias dun acto irracional, criminal, fascista. Os barrios máis pobres de Madrid cubertos por unha manta de sangue e morte!

Un a un fomos desfilando polo teléfono –o Goberno indio abaratarou as tarifas telefónicas ata cotas reísibis para fomentar os móbiles na clase media emerxente tras as privatizacións– e regresabamos co corazón roto. A miña irmá chorou desde o outro lado do teléfono. Doíalle especialmente que o masacre fose feito por españois: para ela, os membros de ETA son españois, insensatos e perversos, pero españois á fin e ó cabo. Nas súas palabras resucitaba a España fratricida, enconada de traidores. Eu non sabía cómo consolala. A voz non me saía. Só notaba un agarrotamento aquí, no peito, e a vertixe do estómago, revoltido, ó bordo dos vómitos.

Chicú contaxiouse do noso desasosiego e abriu-nos o seu cuarto para que víramos a televisión por se informaban do atentado. Así era. A BBC retransmitían en directo desde Madrid. As imaxes estremeciánnos. Peor do que na nosa amargura oriental albiscabamos. Algúns de nós non as resistían e regresaban á terraza co corpo encollido. Outros, quedamos alí, chorando, tremelizando, batendo as queixadas co medo e o noxo. E aí foi cando a BBC, a media tarde do día 11, amosaba as súas dúbidas de que os autores do masacre fosen os de ETA e dáballes maior credibilidade á autoría de Al Qaeda, que o Goberno español –subliñaban os reporteiros– teimaba en desbotar, porque “este atentado” –dicián un representante do Ministerio de Interior nunha entrevista de estudio– “leva a sinatura inequívoca de ETA”.

A nós, de repente, asaltáronnos as dúbidas. Paola, Carlos, Amor e máis eu non perdimos o tempo. Fomos ó ciber cercano –hai duceas por Varanasi adiante: dez rupias (uns 18 céntimos) a media ho-

ra– e entramos nos periódicos ós que nos foi posible. Galicia Hoxe informaba amplamente, así como El Mundo ou El País, pero só El Correo Español-El Pueblo Vasco reflectía en primeira páxina e en grandes caracteres que Otegui negaba a autoría de ETA. Os mortos ningún lles devolvería a vida, a morte dos seus rostros era a nosa dor, unha dor que ningún de nós sentira antes con aquela crueza inexplicable, pero era moi distinto que os asasinados fosen os fundamentalistas islámicos ou, como dicía a miña irmá, “outros españois”.

Ese día, ó solpor, fomos ós ghats ver o trasfego de peregríns e tomar uns chais. Toda a cidade coñecía xa o atentado e Babagi –facendo caso omiso da súa impasibilidade de sadhu– non aforrou adxectivos. Os viaxeiros occidentais cos que coincidíamos dábannos o pésame, sobre todo os israelitas, que nos pasaban un brazo polo ombro e case choran ó tratar de consolarnos, israelistas –todo hai que dicilo– que acto seguido maldicían a Sharon e saloucaban por un acordo cos palestinos.

Á noite, fomos cear á casa dunha familia de comerciantes cos que Carlos mantiña estreita relación e os pésames repetíronse. Os nosos anfitrións estaban consternados e agoiraban que a cifra provisional de 120 mortos se duplicaría, ó igual que os oitocentos feridos iniciais. “Vai pasar como na India, que sempre temos que darlle a volta ós mortos oficiais cando hai un atentado en Assam ou en Cachemira”, aseguraba Print, o irmá máis rápido para os negocios da familia. Tamén nos puxeron a televisión. A BBC seguía transmitindo en directo. Era brutal. Case non puidemos cear. Os reporteiros insistían máis en Al Qaeda e a familia india, de relixión hindú e votantes do hinduísta Bharatiya Janata Party, en ningún momento se acirraron contra os musulmáns, pese ós históricos enfrontamentos que os practicantes de ambas relixións manteñen e pese á sangría de Cachemira ou as guerras de Paquistán. Diferenciaban moi ben entre os islámicos e o fundamentalismo de Al Qaeda que, lembrou Print, foron sufragados por estados Unidos. Na India, os Estados Unidos tampouco son moi apreciados.

A tese de Al Qaeda collía maior peso nas edicións dixitais dos periódicos españois do día 12 e os xornais indios, cunha escueta sección de Internacional onde se mestura a Madonna con James Bond e Tony Blair, reproducían en catro columnas o masacre de Madrid, cos fundamentalistas islámicos como probables autores, mentres a BBC só utilizaba o nome de ETA dun xeito residual nas súas reportaxes. A últimas horas da tarde, xa foi cando os atribulados siareiros de Bin Laden reivindicaron en Londres os atentados. A noticia correu como unha treboada polo Gampati e moitos fomos os que choramos de tensión sostida, de conmoción. Os argumentos da loita fratricida perdían peso e pertinencia, pero aínda así, nas informacións que viñan de España por boca do goberno, insistíase en ETA. O ocultamento indignábanos. Agora, máis que as vítimas, acordábanos dos vivos, do que estarían a sufrir, da súa angustia, da desorientación, do silencio que sufrían. Un labirinto na antesala das eleccións.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

Dor e pracer

Desde hoxe, o mundo católico vive os ritos máis espectaculares da súa liturxia, o Triduo da Pascua, unha lembranza da paixón que levou ó mesías cristián, Xesucristo, a morrer crucificado “para salvar os homes”, segundo reza na tradición desta relixión. Millóns de persoas toman as rúas ó longo do mundo en accións que mesturan a fe, a arte, a etnografía e a comunión colectiva mediante unha catarse na que a dor, o sufrimento, o pracer e a expiación da culpa se converten en emoción desbordante. Non é o cristianismo –máis en concreto os católicos– a única relixión que apela a esta caste de ritos, xurdidos das raíces máis profundas da civilización humana. O Islam, a través de costumes onde a violencia física se erixe en índice de fe; o Hinduísmo, que logra na resistencia física á dor a superación da realidade ilusoria, ou ó Xudaísmo, que está xa na base mesma do cristianismo, dispoñen de ritos máis ou menos equivalentes, uns xustificados no afán para cumprir un desexo ou na busca do perdón divino, e outros construídos sobre a simbiose emocional da imitación no sufrimento dos seus profetas. As relixións tribais en todos os continentes posúen tamén exercicios de violencia física, en moitos casos ligados ós ritos de iniciación, e a vexación, a resistencia á dor, é a vía que moitos místicos seguiron nas relixións maioritarias para acadar o éxtase. Un éxtase que outro tipo de esculcadores laicos conseguiron grazas ó sexo e á súa aparataxe fetichista, en fórmulas de gran riqueza iconográfica ás que o marqués de Sade lle deu nome e Masoch apelidos. Ritos onde a dor e o pracer se entrefreban ata darlles sentido cultural ás evidencias biolóxicas: aínda que sexan sensacións que percibimos como opostas, dor e pracer fórmanse na mesma rexión do cerebro e son, ó cabo, extremos dunha mesma liña continua.



Budistas en Tailandia no festival vexetariano. Nas imaxes da páxina 5 e de arriba a abaixo: induista en Singapur, flaxelación de musulmáns en Afganistán e procesión do 'Noso Señor Xesús Flaxelado' en Compostela

4 | **rdl**
Galicia Hoxe 08/04/04



Dor e pracer

¿Que groria pode haber cómo o sufrir?

S. Noia e A. Lopo

“¿Que groria pode haber como o sufrir, Señor?”, escribía Fermín Bouza Brey nun dos estremecedores poemas da posguerra, marcados pola dor e a súa superación. Para un cristián practicante e confeso como Bouza, sufrimento e dor eran a única forma de superar o difícil transo do ostracismo e da ditadura para converterse, ó cabo, nunha fonte de satisfacción. A actitude non é nin estraña nin só contemporánea súa: vén engastada ó propio nacemento da civilización humana e atinxe non só o desenvolvemento da arte e unha vertente da cerimonia sexual, senón que acada o seu paroxismo nos rituais das relixións maioritarias, desde o Islam ó hinduísmo e o budismo, con especial acento na liturxia católica, que estes días vive o seu espectacular Triduo Pascual.

Un sen fin de procesións e ritos relixiosos, que se mesturan coa superstición, comezan hoxe en Filipinas. A ex colonia española é o único país de maioría cristiá en Asia e o Triduo Pascual, importado polos misioneiros españois durante a colonización do arquipélago hai pouco máis de 400 anos, é a súa festa máis popular.

Espiritualidade, espectáculo e arte fúndense acadando o seu punto culminante coa crucifixión real de decenas de penitentes ó longo de todo o país. As flaxelacións salpicarán de sangue moitas das principais cidades e aldeas, onde centos de penitentes se darán tralladas con látegos de bambú para redimir os seus pecados e solicitar a intervención divina na resolución dos problemas que afectan os seus seres queridos.

Mañá será o día de maiores aglomeracións. Desde primeiras horas dese Venres Santo, decenas de penitentes crucificaranse para cumprir a súa promesa ou "panata", en lingua tagala, e trocos como o do Cristo Crucificado da igrexa de Santo Agostiño serán levados a ombros polas angostas rúas seguidos de mulleres enloitadas.

En Sevilla, probablemente a capital mundial da Semana Santa, os ritos tampouco non esquivan o sacrificio como mostra da fe. O martes, por exemplo, oito irmandades desfilaron polas rúas da capital andaluza durante quince horas sen parar, nunha procesión na que a Irmandade dos Estudantes admitiu, por vez primeira na súa historia, a presenza de mulleres entre os máis dos seus 1.500 nazarenos.

Toda Andalucía, en calquera caso, vive con especial fervor e entrega o Triduo Pascual. Desde Málaga a Alxeciras, pasando Córdoba, Xaén e Huelva. En toda esta xeografía, a dor e as vexacións físicas –xa sexan tralladas, andar escalzo ou de xeonllos, ou soportar o peso das aparatosas imaxinerías relixiosas– son dous dos riscos principais da celebración, unido á invisibilidade xeralizada dos que protagonizan o martirio mediante a perda da identidade baixo o capirote. En Galicia, a procesión máis impactante neste sentido é a do Noso Señor Xesús Flaxelado, que se desenvolve na noite do Xoves Santo en Compostela e durante a que ducias de devotos con capirote percorren as rúas descalzos, algúns tirando por cadeas e outros soportando nas súas costas unha enorme cruz.

Son iconografías que, dalgún xeito, remiten tamén ó sofisticado fetichismo do sadomasoquismo e ás prácticas sexuais nas que a dor e o pracer se mesturaban coa emoción. De feito, nesta práctica non deixa de posuír un peso significativo a tradición cristiá e boa parte da aparataxe simbólica verbal obedece ó binomio culpa e expiación que conducen ó goce, sexa de alivio relixioso ou sexual. En ambos casos, trátase de conseguir unha caste de liberación existencial, meta que aproxima tamén o viero da dor e do pracer ó terreiro tantas veces visitado pola arte. Xa non se trata só de representalos –como vén sendo tradicional, o último exemplo a película 'A Paixón' de Mel Gibson, apoloxética do martirio cristián–, senón tamén de ser o seu soporte, como acostuman moitos dos artistas da performace, desde Marina Abramovic a Sterlac, pasando por un senfín de creadores entre os que Orlan atopa un lugar preeminente. Dor e pracer fundidos, en boa parte da traxectoria dos performers, pola súa visceral crítica á violencia.



Procesión dos descalzos en
Santiago de Compostela e en
México, na imaxe inferior

6 | **rcl**
Galicia Hoxe 08/04/04



“Debemos case a totalidade dos nosos coñecementos ás nosas violencias, á exacerbación do noso desequilibrio. Incluso Deus, por moito que nos intrigue, non é no máis íntimo de nós onde o discernimos, senón xusto no límite exterior da nosa febre, no punto preciso no que, ó afrontar o noso furor ó seu, resulta un choque, un encontro tan ruinoso para Él como para nós”. Crava Cioran na súa tentación de existir, a mortificación, o horror, a paixón, o repulsivo, o fascinante nun xogo do eu contra si mesmo: un pensar contra si mesmo convencido como está de que “non hai obra que non se volva contra o seu autor”: o poema esmagará o poeta, o sistema o filósofo, o acontecemento o home de acción. A xografía dos corpos –o corpo de Deus– envólvese en construcións gramaticais na que “o pracer da dor” ou “a éxtase” vólvense entregas dunha colección de ‘Libros para amantes’. O penitente –o nome que lle deu a Igrexa ó condenado porque o seu obxectivo era recuperalo pola penitencia, que é pena e arrepentimento– chega a ser amante que tenta a “curación pola abstinencia”.

A éxtase –orgasmo– é o momento máis intenso da vida, a culminación do pracer físico, a meta da estimulación sexual: “éxtase da revelación” trala que se concretiza a paixón que, na terminoloxía litúrxica, devén do sufrimento. É o amor o gran prodixio que move o cristianismo: debaixo da dor que se escenifica en Semana Santa, está o amor de Deus. Amor que se une en Mishima á morte nun “pracer de morrer”. O amante está cautivo: unha condición tan común na humanidade que chegou a considerarse como parte da propia condición humana identificándose co pecado e a maldade. Penitencia pública, contrición, purgatorio, ritos penitenciais, indulxencia, devoción, abrollan ó fin tamén nunha sorte de diccionario litúrxico para amantes. É sorprendente cómo a celebración laica da Semana Santa mantivo os conceptos de Irmandade e Confraría. Escribe Leonard Cohen: “Agora estaban desexando saber, pero espírase era pecado. Sen embargo, tiña grande afección ás postais e revistas pornográficas, erotismo caseiro que corría de man en man nos vestiarios



rdl | 7
Galicia Hoxe 08/04/04



Da arte á relixión; do sexo á catarse espiritual. Dor e pracer conforman un alicerce único no desenvolvemento da cultura humana. Probablemente é na relixión onde pervive de xeito máis nido e público a raíz que entronca a expiación da culpa coa exortización dos malos agoiros, e que funde ambas nunha satisfacción que só se realiza mediante o sufrimento. Tampouco é estraño que estas características tan ben utilizadas polas relixións –tanto a cristiá como a musulmana ou a hindú– se transferise á arte ou ó sexo: moitos artistas e moitos cidadáns encontraron na arte unha nova relixión cando as relixións tradicionais deixaron de ser cribles. No sexo aconteceu algo semellante. Nas imaxes, de arriba a abaixo: o festival vexetariano budista en Tailandia, unha das performances de Sterlac, fotografía de Mapplethorpe na que se recolle un ritual de sadomasoquismo e a celebración da Ashura polos musulmáns en Paquistán



do colexio. Tomaron grandes coñecementos de escultura e pintura. Examinaban todos os libros da biblioteca que tiñan as mellores reproducións, as máis reveladoras. ¿Como era o corpo?. A nai de Lisa regaloulle un libro e eles o exploraron en van, en busca de información directa. Había frases como “o templo do corpo humano” que podían ser verdade pero ¿onde estaba aquilo co seu pelo e cos seus pregues”.

No fetichismo atrae o detalle, non o conxunto: unha parte do corpo ou unha prenda peculiar que adquire un valor simbólico e produce unha situación excitante ou axuda a evocala. Mesmo cabería considerar o amor, na xeneralidade do concepto, como o resultado dunha suma de fetichismos porque cando se ama, ningún detalle relacionado coa persoa querida é insignificante. Sen embargo o peor pecado era o escándalo, por iso a penitencia debía ser pública e como a impunidade era imposible, cobrou forza a idea de quen deixaba penitencias pendentes, as cumpría no purgatorio. No camiño da condonación das penitencias nace a indulxencia pola loita nas cruzadas ou co financiamento ós combatentes. Xorden o shahid e a shahida: os mártires que segundo o Corán, obteñen a gloria ó morrer por Alá e son recompensados coa vida eterna xunto ó seu Señor. Pouco entendemos xa o que é o sangue ante a cultura da expiación e dos sacrificios. Co sangue de Cristo –mantéñen os católicos– sélase a Nova Alianza con Deus.

Son de tantas e variadas as fontes próximas e remotas da dor que, segundo Miguel Lugones Botell e Tania Yamilé Quintana Riverón, pretender enumeralas sería unha empresa fantástica e interminable. A dor unida ó sentimento do pecado xa aparece pouco a pouco nas grandes mitolo-

xías antigas. Platón cría que dor e pracer nacían o un do outro e outros filósofos da antigüidade sostiñan que só a dor é real e o pracer non é máis que a súa ausencia, sempre provisional. “A dor, non é un mal” era a máxima dos estoicos, indiferentes ó pracer e á dor, e Posidonio, un dos máis célebres estoicos, mandaba “Sufre e absente”.

O tema do martirio na literatura e artes plásticas, de inspiración relixiosa, foi recorrente e o seu contido principal é a dor. Desde o tema clásico do martirio de Cristo ó dos numerosos santos do universo cristián. Tanto templos como museos están cheos de obras de arte que familiarizaron a través do tempo, ós homes coas circunstancias da dor física e espiritual. Nese mundo cristián ó que facemos referencia, a mitoloxía da dor e o castigo enriquecése extraordinariamente coa figuración do Inferno. O dominio da dor é, paralelamente á súa expresión, outro dos elementos clave culturalmente de todas as sociedades humanas e, ó cabo, unha fonte de extraordinario pracer: o de saberse perdoado –no caso das relixións– ou de saberse integrante con pleno dereito nas regras sociais. Isto último é o que acontece, por exemplo, no variado ritual de iniciación que suca o universo antropolóxico do planeta, desde a Polinesia a África. Na maioría destes caos, os adolescentes varóns son sometidos a terribles vexacións –físicas e morais– que deberán superar sen queixarse. Unha vez superadas satisfactoriamente, o individuo convértese nun home. Non son ritos, en calquera caso, demasiado distintos dos que perviven nas sociedades actuais a través do servizo militar, destinado a converter en homes aptos para o combate a rapaces que acaban de saír das saias da familia.



Dous practicantes do 'bondage' (sexo con ataxes e vexación) xunto a unha das performances máis célebres de Marina Abramovic. Na imaxe da páxina 9: ritual budista en Singapur



Non en balde, a pervivencia do costume dos ritos de iniciación dáse, de xeito especial, nas sociedades guerreiras primitivas.

Para Séneca, "Hai certo decoro ata na dor e quen é sabio, debe gardalo", mentres Voltaire opinaba que a felicidade "é só un soño e a dor realidade.... Non sei máis que resignarme e dicirme que os homes naceron para ser devorados polos pesadumes". Alfred de Vigny sinala: "o home é un aprendiz, a dor o seu mestre e ninguén se coñece a si mesmo ata que non padeceu", e José Martí indica: "Non teñas nunca medo a sufrir.... Sufrir ben, por algo que o mereza, dá mocidade e fermosura". Virginia Woolf deploraba a pobreza da linguaxe para describir a enfermidade, a dor física e a mental: "O idioma inglés, que pode expresar o pensamento de Hamlet e a traxedia do rei Lear, carece de palabras para describirle o estremecemento e a dor de cabeza. A máis simple nena de escola, cando se namora, conta con Shakespeare e con Keats para expresar os seus sentimentos, pero cando unha persoa que sofre trata de describirle ó seu médico unha dor, ó intre as súas palabras viran insípidas". Aínda así, aseguran Miguel Lugones Botell e Tania Yamilé Quintana Riverón, moitos escritores penetraron na esencia da dor con gran sentimento, e moitos deles sinalaron que dor e pracer van con frecuencia parellos. Díxoo Platón e Edmund Burke asegurou que a dor allea pode ser unha fonte de pracer propio. Kant tamén se decatou desta estraña ligazón e o marqués de Sade analizou a dor desde unha perspectiva moi orixinal: Cómo se obtén pracer ó provocar a dor e ó recibila. Máis recentemente, Susan Sontag, no seu último ensaio, analiza a ollada impune sobre a dor allea que propician os medios de comunicación na súa retransmisión da imaxe de guerra. A ciencia non desbotou ningún destes argumentos. Máis aínda, apon-

toounos con teorías como as que defenden unha única rexión do cerebro como orixe dun e outro. No estudo do investigador norteamericano David Borsook, asegúrase que se comprobou, por vez primeira, cómo un estímulo de tipo adverso, que provoca dor, activa tamén as estruturas de recompensa, as que proporcionan pracer. E viceversa. Borsook comprobou a súa tese mediante imaxes de Resonancia Magnética funcional do cerebro de persoas que, voluntariamente, se sometían a estímulos prazenteiros e dolorosos. Os suxeitos que se sometían ás probas eran oito voluntarios, en bo estado de saúde, que sostiñan nas súas mans un transmisor térmico, capaz de emitir diferentes niveis de calor, desde estímulos cálidos a calor intensa. Os escáner do cerebro captaron as reaccións que tiñan lugar nas áreas que se sabe están implicadas no procesamento dos estímulos prazenteiros ou dolorosos e os resultados, asegura o investigador, "demostraron que estímulos non prazenteiros, provocados por calor, activaron non só os mecanismos da dor, senón tamén outras áreas que se consideraban con anterioridade parte do circuíto das recompensas". As áreas que rexistran as sensacións de recompensa son as mesmas que conteñen os receptores do pracer, o denominado nucleus accumbens. Sobre elas actúan estímulos como a comida, as drogas ou as ganancias do xogo. Ademais, a actividade das áreas de recompensa foron cambiando ó longo do experimento. Eran máis activas nada máis comezar a sensación de calor, mentres que as estruturas asociadas coa dor eran máis activas uns 25 segundos despois de se iniciar este mesmo estímulo. Con este estudo víñase confirmar a idea filosófica, formulada por Spinoza e Bentham, de que existe un "continuum" entre recompensa e aversión, pracer e dor.



NOUTRO LUGAR TEÑO ESCRITO SOBRE O NIDIO HOMOEROTISMO QUE AO MEU MODO DE VER ATOPAMOS EXPRESADO POLOS ARTISTAS CANDO REPRESENTAN A UN NOVÍSIMO SAN XOÁN BAUTISTA ABANDONADO NA PAISAXE OU NA COMPAÑA DE SAN SEBASTIÁN MÁRTIR, E SE CADRA SEXA ESTE ÚLTIMO SANTO, DO QUE TRAEMOS AQUÍ ESTA PEQUENA ESCULTURA DE AUTOR DESCOÑECIDO PERTENCENTE AOS FONDOS DO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA, SANTO QUE EN POR SI E SEN DÚBIDA POSÚE UNHA MÁIS LONGA E FRUCTÍFERA CONEXIÓN HOMOERÓTICA.

Carne divina

Das representacións homoeróticas no santoral cristián


X. M. Buxán

Lembremos someramente algúns elementos claves no percorrido iconográfico e homoerótico de san Sebastián Mártir: 1. Máxima valoración do ideal de mocidade e persistente recreación do ideal efébo que continúa unha tradición xa asentada culturalmente na Antigüidade; 2. Moi unido a isto está a androxinia e 3. A nudez masculina como ideal de representación, que non exclúe a idea de beleza varonil. E xunto a isto existen elementos como o símbolo das frechas cunha penetración nas carnes que coloca ao santo entre a éxtase de pracer e a dor máis intensa; e a representación dunha masculinidade pasiva, esmorecente e delicadamente fráxil.

Nin san Sebastián nin san Xoán Bautista contaba na súa biografía nin na súa lenda con ningún elemento homosexual per se, malia todo e tal como xa tiveron a ocasión de investigar de xeito detallado nas dúas figuras, pódese dicir que é a recreación iconográfica que fan os artistas a que vai edificando paseniñamente unha icona gai, que logo se traslada á literatura e de aí, á cultura popular, a cal, en principio, é moito menos receptiva a apropiarse destas sutilezas eróticas heterodoxas. Aínda que dicir isto quizais sexa subestimar a sabedoría intrínseca e natural da xente do común, pois ese homoerotismo que ía adheríndose ás figuras seguramente non só era recoñecido por connoisseurs e unha elite de xentes cultivadas senon tamén polo pobo, máis inculto en liñas xerais mais en modo ningún inxenue e inocente, e é seguro que tiña perfecta conciencia ben fora dese afeminamento ou ben fora da reivindicación que da beleza masculina facían algúns artistas nas súas representacións de certos santos. Non hai que esquecer que o pobo coñecía ben os vicios e fraquezas da Igrexa (entre eles o da súa inveterada homosexualidade) e a eles dedicou infinitas e inxeniosas picadas e mofas en cantares e romances.

(...)

Xunto a san Sebastián Mártir e san Xoán Bautista gustárame (...) determe nunha figura do santoral cristián que atopo de gran interese (...), e na que tentaremos ver as asociacións e conexións homoeróticas que o relacionan con Sebastián e Xoán o Bautista, trátase de san Xoán Evanxelista, o outro Xoán, co que se atopa profundamente unida a figura de Cristo na súa etapa de predicación –lembre-mos que Xoán Bautista fora, segundo a tradición, o outro compañeiro de Xesús, co que tería compartido os xogos infantís, tal como gustan de recrear os artistas–. Xoán Evanxelista, aparece ci-



tado nos Evanxeos como o discípulo amado de Xesús e é, ademais, o máis novo dos apóstolos. E así o representan os artistas ao longo dos séculos, fronte ás venerábeis calvas e longas barbas do resto dos discípulos de Xesús, que só se distinguen os uns dos outros polos símbolos que portan, se xa a espada, a cruz en aspa, as chaves, etc. San Xoán é inmediatamente recoñecido pola súa mocidade e pola reivindicación que fan os artistas de representalo, ademais, belo e fermoso. Hai, ademais dous momentos clave do paso de Cristo polo mundo onde san Xoán adquire un papel preponderante. “Estaba recostado no peito de Xesús un dos seus discípulos, aquel a quen Xesús amaba. Entón Simón Pedro fíxolle un aceno, para que lle preguntase a quen aludía. Daquela el, así apoiado no peito de Xesús, preguntoulle: -Señor, ¿quen é?”

Xesús respondeulle:

–É aquel a quen eu lle vou dar o pan mollado” (Xoán 13, 23-26). E é así, tal como describe o propio Xoán Evanxelista, como o veremos aparecer nas representacións da Última Cea, a carón do Mestre, nunha tenra aperta, ou apoiado sobre o seu peito, ou sobre o seu ombro, mentres o resto dos discípulos se atopan tamén arroubados pola transcendencia do momento, mais nunha actitude moito máis viril, segundo as convencións acostumadas, é dicir, cunha compostura máis seria, rigorosa e venerable, véxase senón ese detalle que representa a Xoán sobre o peito de Xesús nun relevo policromado do parapeto do pontile da catedral de Módena e datado do século XII ou XIII. Xoán, o amado de Xesús, semellan presentalo algúns artistas como un mozo durmido sobre o colo do seu amado Mestre, nun xesto de intimidade tal que posibilita a súa compostura abandonada, pasiva ao cabo, así o miramos nunha xilografía de 1523 que Durrero realiza sobre a derradeira Cea. E todo isto xa tivemos ocasión de ollalo no Bautista e especialmente en Sebastião. Os artistas sen dúbida estannos a falar dunha masculinidade mol, afeminada ou cando menos “diferente” e esas representacións non por coñecidas han ser menos sorprendentes no seu ambiguo afecto santo. O outro gran momento na biografía de Xoán Evanxelista é descrito tamén por el mesmo nos seguintes termos: “Ó pé da cruz de Xesús estaban súa nai e a irmá de súa nai, María a de Cleofás, e mais María a Magdalena. Xesús, vendo a súa nai e, onda ela, o discípulo a quen amaba, díxolle á nai:

–Muller, velaí o teu fillo.

Despois díxolle ó discípulo:

–Velaí a túa nai.

Desde aquela hora o discípulo acolleuna con el.” (Xoán 19, 25-27).

É interesante observar que estamos perante unha escena eminentemente feminina, de mulleres que fan tamén, de algún modo, a función de carpideiras, ou de desoladas viúvas do Mestre que vén de ser cruelmente axustizado, de feito o resto dos evanxelistas falan só de mulleres e esquecen a presenza de Xoán, o apóstolo máis novo. Mateo escribe: “Había alí, mirando desde lonxe, moitas mulleres que seguían a Xesús desde Galilea para servilo. Entre elas estaba María Magdalena, María a nai de Santiago e mais de Xosé, e a nai dos fillos de Zebedeo” (Mateo 27, 55-56). Marcos di o mesmo que Mateo e engade: “que o seguían e servían cando estaba en Galilea; e moitas outras que subiran con el a Xerusalén” (Marcos 15, 41). Lucas anota que “Os seus coñecidos seguían todo de lonxe, e igual as mulleres que o acompañaran desde Galilea” (Lucas 23, 49). Ese mozo apóstolo, amado do Mestre situábase así na iconografía da cruz nun contorno reservado ás mulleres, que velan en dó a morte de Cristo. O resto dos homes desapareceron da escena e é interesante observar o porqué de que esté xustamente Xoán Evanxelista con elas, quizais por ser máis mozo, por non ser aínda un home feito e dereito como o resto dos seus compañeiros, quizais polo seu carácter máis doce e sensíbel, en fin, as interpretacións semellan levarnos por eses derroteiros.

Recordemos de paso que tamén Sebastião se refuxiará nos cuidados das mulleres nun contorno feminino. En fin, as razóns poden ser moitas e moi variadas, mais todas elas parecen falarnos dunha masculinidade eivada, que torna unha actitude servil, que só correspondería daquela ás mulleres. E algo de todo iso o transmiten os artistas, de aí que Xoán estea choroso e compunxido e para expresalo coloqe a súa man esquerda na meixela nun xeito tenro e doce á vez. Tal como observamos nunha talla do Museo Arqueolóxico Nacional procedente do mosteiro de santa María de Gradefes (León) conra o 1330-1340. Tipo de talla pertencente a un Calvario no que á destra do Crucificado estaba a súa Nai, se ben dende a ollada do espectador a Virxe fica á esquerda co que prevalece a imaxe de Xoán que adquire así relevancia

sobre a Virxe. No intre postreiro Xesús dialoga co seu amado discípulo e prégalle que acolla e protexa á súa nai. Non era posíbel maior grao de intimidade, de afecto entre o agornizante e aquel a quen confía as súas ultimas vontades. E iso parece expresar o óleo do napolitano Francesco Solimena o Magnífico, obra de finais do XVII ou principios do XVIII, onde o diálogo entre ambos homes se produce cos seus rostros moi achegados, ata o punto de que o artista baixou a altura, decote elevada, da cruz e onde as mulleres fican “oportunamente” na marxe, limitándose ao seu papel de carpideiras nun recanto da composición.

A íntima amizade do Mestre e discípulo parece recrear a establecida e tipificada pola Antigüidade, algo que Boswell considera admirábel, pois como indica:

“El Nuevo Testamento es extraordinariamente reticente acerca de todo sentimiento personal como para resolver por completo esta controversia tan acusada, y no cabe duda de que los evangelistas (a excepción del propio Juan) prefirieron dejar fuera del relato los afectos personales de Jesús. Cuando san Jerónimo sostiene que Jesús amaba a Juan más que a los demás porque era joven y virginal, lo hace sin duda con la intención de despejar toda sospecha de sexualidad, pero sin conseguirlo por entero, dado que en la población mediterránea premoderna era de esperar que los hombres más jóvenes y solteros provocaran deseos entre los mayores” (Boswell, 1996).

E esa mesma trécola estaba pulsando san Aelredo de Rievaulx algúns séculos antes, cando xustifica os seus tenros amores cara a outros monxes mirándose no espello bíblico de Xesús apertado ao seu amado Xoán o Evanxelista:

“En realidad, es un gran consuelo en esta vida tener alguien a quien poder unirse en el abrazo íntimo del amor más secreto [...] alguien con quien poder descansar, sólo los dos, en el sueño de la paz, lejos del mundanal ruido, en el abrazo del amor, en el beso de la unidad, [...]”

De todo esto podemos gozar en el presente con aquellos a quienes amamos no tan solo con la mente, sino con el corazón [...] Y para que este amor sagrado no parezca impropio a nadie, el mismo Jesús, en todo igual a nosotros, que con nosotros con-siente y com-padece en todo, lo transfiguró mediante la expresión de su propio amor: pues permitió a uno, no a todos, reclinarse en su pecho como señal de su amor especial, de modo que la cabeza virginal se sostuvo en las flores del pecho virgen y cuanto más cerca estaban, más copiosamente los fragantes secretos de su matrimonio celestial impartieron el dulce aroma del crisma espiritual de su virginal amor.

Aunque todos los discípulos fueron bendecidos con la dulzura del amor más grande del santísimo maestro, concedió sin embargo a uno solo, y como un privilegio, este símbolo de un amor más íntimo, por el cual le llamarían “el discípulo al que Jesús amaba” (cit. de Boswell, 1993).

Claro é que os textos de san Aelredo os escribe no século XII e as representacións artísticas que estudamos son, canda menos, de catro séculos despois e a disposición canónica e teolóxica da Igrexa cara a homosexualidade xa distaba moito da de entón, aínda que cómpre lembrar que na práctica había unha gran relaxación na vida eclesial de moitos e moitas crentes. O interesante é como na súa interpretación da amizade entre Xesús e Xoán non está só san Aelredo, de feito os artistas parecen seguir tamén esa tese e amosan ao discípulo amado cal recreación da relación pederástica clásica de Grecia entre un erastes e un eromenos, entre un amante e un amado noviño ao que se lle ensinan as virtudes ámbas para posibilitar o seu acceso a idade adulta. Xoán é cal ese rapaz que convive co filósofo, dende logo para os artistas semella ser antes unha recreación actualizada do ideal pederástico que o discípulo de Xesús, santo e sabio, mártir e apocalíptico que testemuña a súa biografía. Así, para O Greco no cadro do Museo do Greco en Toledo é un mociño, de rostro aniñado e cabelos curtos e para Guido Mazzoni que realiza a súa figura en terracota hacia 1450-1518 para a igrexa de Sant’Anna dei Lombardi o Monteoliveto, de Nápoles, Xoán é un mozo con cabelos á moda, quizais un estudante, ou un aprendiz, ou un criado. E é que aínda nesa época os mozos máis novos que aínda non pasaran á idade adulta seguían sendo a posíbel parella sexual dun home maior. (...)

Extracto do ensaio inédito do profesor e crítico de arte Xosé Manuel Buxán 'Carne divina. Estudio de ciertas representaciones homoeróticas do santoral cristián' ó fío das xornadas 'Arte e Erotismo' do Museo de Belas Artes da Coruña

15 / ABRIL DE 2004 - NÚMERO 510

r d l REVISTA
DAS
LETRAS



Feira do teatro



Cando conta o talento

A. Lopo e S. Noia

O ano pasado cumpríronse 25 anos de teatro profesional en Galicia. Vintecinco anos que se abren coa crónica dunha conquista: a dun teatro nacional que nos últimos anos se mantén, ao entender do crítico teatral Camilo Franco, “anestesiado”. Vintecinco anos nos que para o dramaturgo Euloxio Ruibal “aínda non se acadou o nivel que desexaríamos”, a pesar de recoñecer avances na súa consolidación e porque, ademais, “en ningunha arte valen os conformismos. Hai que ser ambiciosos e conquistar máis para acadar sempre o nivel máis alto ética e esteticamente”. Así o afirma quen cre que nestes 25 anos “houbo espectáculos dignos e, non só na escea profesional, senón tamén no teatro amateur que se ampliou dun xeito considerábel”. Radiografía Ruibal un avance que se debe medir con prudencia, tanto no que supuxo a creación dun Centro Dramático Galego (CDG) como o que supón agora a nova Escola de Arte Dramática de Galicia. Así, sobre o CDG e tras encadralo como unha das “aspiracións” do teatro en Galicia, considera o dramaturgo e actual presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega que o seu resultado foi “irregular”: “non houbo acertos – subliña – nas postas en escena do centro” fronte os “mellores resultados” doutras compañías. Fala Ruibal da “burocratización” do centro tras sondar nuns resultados que “non se entenden ben” e que o leva a afirmar que “co orza-

mento do CDG poderíanse crear máis compañías estabais, chegando o teatro a máis xente”.

Partidario da constitución de compañías residentes, Ruibal volve sobre o CDG, ao entender como entende, que non cumpre a misión dunha compañía pública “limitándose a contadas cidades cando debería chegar a máis vilas e bisbarras”. Tamén fai Ruibal unha lectura prudente da creación da Escola de Arte Dramática e anque, en teoría, coida que “será boa” faino depender de moitos factores. Cal e area que espárese dende o “beneficioso” que supón a superación do autodidactismo actual ou “o positivo” dun maior coñecemento até a certeza de que “para que os espectáculos sexan mellores non depende exclusivamente do coñecemento”. “Conta o talento” – advirte nun abrir as marxes da dúbida cando se trata de ver até qué punto o mercado laboral absorberá aquel alumnado. Cre Ruibal –cando se analizan as razóns da falta de público nas representacións– que faltan apoios e que hai un “certo papanatismo en desleixo do noso teatro” ante unha marea no que triunfa “o famoso”. Rolda comercial ao que –cando se volve sobre a edición do texto dramático– une a idea de que “o teatro non vende”, que “desaparece un hábito de lectura que antes se facía en familia ou en centros culturais” e que, en definitiva, o teatro “require dun maior esforzo que, por norma xeral, non se está disposto a facer”.

E porque este país é un "país particular", cunha poboación dispersa, volve Ruibal ás bases da escena pulsando por incentivar o teatro afeccionado que ao seu parecer, debe empezar polo teatro escolar. Tamén e ante a política teatral centralista da Xunta fai un chamado a outras políticas cara a unha maior "potenciación dos grupos municipais" na ancoraxe da máxima de "canto máis teatro, maior calidade". Tería que ser o teatro esa voz crítica – arte como espello da realidade – que en Galicia e segundo o dramaturgo non sempre o é. E se non o é, pregúntase, "¿para que serve unha arte se non é crítica ou se non pulsa pola dignidade universal?".

Dous aspectos detraen o crítico teatral Camilo Franco da actual situación do teatro en Galicia: "por un lado hai talento para facer cousas e por, outra banda, é evidente que non se fai". Para o crítico hai anos que existe un círculo vicioso que afoga a capacidade de manobra do teatro galego e que "anestesia" a capacidade de reacción da profesión. "Isto ten que ver co sistema de axudas – aclara – que favorece un reparto onde o que se reparte é a capacidade de subsistir". Poténciase a resistencia fronte o talento e, sobre este cadro que describe o crítico, incide, ao seu entender, "outras actividades que dalgúns xeito foron complementarias e que agora se volven principais". Refírese Camilo Franco á irrupción do audiovisual que, mantén, "merma a enerxía e a renovación" do sector teatral en Galicia posto que "non se pode entender a renovación sen descarga de enerxía".

"Creo que dos anos 75 a 85 houbo un cambio na formulación do teatro galego, abríndose do 85 ao 95 outra etapa cun modelo teatral máis aburguesado ou burocratizado" destaca sen facer das datas corsés e convencido de que arredor dos últimos sete anos non houbo grandes cambios. Máis á contra: "o que houbo foi un adormecemento da profesión por influencia do audiovisual e por ese reparto do 'café para todos' da política de subvencións que afectou mesmo á psicoloxía da profesión".

Claro e rotundo na exposición coincide o tamén xornalista e escritor con Ruibal á hora de valorar ao que suporá a creación dunha nova Escola de Arte dramática e, como aquel, lanza a mesma pregunta: "¿hai tanto mercado neste país para que unha escola poida fornecer o sector?". Como Ruibal, recorda os exemplos da Facultade de Belas Artes ou de Xornalismo para dubidar que a Escola vaia transformar o panorama do teatro en Galicia: "demasiado pequeno" ao seu entender para unha incidencia transgresora. Haberá, apontoa, profesionais dando clase nos institutos nalgo que considera positivo pero sen relevancia real nos escenarios. Logo, inquire, "¿de verdade se pode ensinar o talento?".

Tampouco titubea Camilo Franco á hora de valorar a significación do Centro Dramático Galego (CDG) na ancoraxe do teatro neste país, ao considerar que "verdadeiramente nunca atinou" na súa xestión: "Sempre traballou nunha dirección inmediata, contribuíndo á desaparición de compañías que terían que ter sido referentes neste país". Non entra o crítico teatral, nome de referencia obrigada neste país ao falarmos da escea, en intencionalidades de fondo para asentar que "o CDG facía, en certa medida, competencia desleal co resto das compañías" porque, trala afirmación, volve Franco aos exemplos das primeiras montaxes do CDG baseadas, destaca, nos repartos de Artello, que puxera en escena 'Celtas sen filtro': o "método de coller actores e actrices contribuíu a que non medraran o resto das compañías, desestabilizandolas". Compañías como Artello que –advirte– viñeron abaixo cando procedían dun sistema teatral forte.

[A falta de referencia]

O problema para Camilo Franco non é tanto cómo chega o teatro ao público senón "que chegue". "Posibelmente todo se arraxaría cunha rede máis efectiva" esgrime tras unha clara ecuación: primeiro "sabemos que hai talento", segundo "un público efémero", polo que –desembo-ca– "compañías e público teñen que medrar xuntos". A falta de crecemento do público non se soluciona para Ca-

milo Franco coa creación de compañías residentes, consciente como é de que "hai que buscar un método para que as compañías poidan amosar o seus traballos". Neste sentido parafrasea ao dramaturgo Vidal Bolaño –cando salientaba que "non importa que se axude á producir se logo non se pode distribuír" – e volve sobre aquelas compañías residentes para subliñar que "en ningún caso aseguran a xira doutros grupos, senón a súa nun determinado sitio". E máis "reafirmaríanse tres ou cinco opcións en toda Galicia desatando un novo debate sobre a articulación daquelas compañías que, creo, absorberán as subvencións".

En todo caso eis o público, pedra angular no discurso dun crítico que leva anos empeñado na consolidación e fortalecemento do sistema teatral nacional. "Falta a referencia do público, falta a súa esixencia" recorda Camilo Franco con insistencia mentres que, contra apocalípticos, está convencido de que existe un público para o teatro en Galicia. "Non é maioritario, pero existe" subliña que sostén que "o que falta é dar a posibilidade de que o público se presente, que poida volver". "Levar a produción ao público": "Iso é o paso que hai que dar", asegura un Camilo Franco que recunha no desencanto ou a ruptura dunha comunicación que urxe recuperar.

[O público que queremos]

En contra do que moitos cren, non se percibe unha perda de espectadores nos últimos anos senón todo o contrario. Iso é, polo menos, a sensación de Ana Vallés, responsable dunha das salas alternativas compostelás, a Galán. Neste espacio, o número de espectadores medrou nos últimos anos, aínda que para Vallés o problema non é, nestes momentos de número, senón "do público que queremos ter". Como exemplo, pon Cataluña, onde o público rexistrou un significativo incremento. A cambio, "o nivel de público, segundo as compañías que traballan en Cataluña, é baixísimo. Encher os teatros é moi fácil e iso todos o sabemos...". O problema de solución máis complicada é a das propostas que xorden actualmente no país: "Hai unha tendencia a facer obras con poucas persoas, moitos monólogos... É un costume que se estendeu e responde a unha situación evidente: isto non avanza e segue sen haber saída para os proxectos grandes. Cándido Pazó, presidente da AADTC, asegura que o primordial sería "regularizar a relación co público". Refírese co termo "regularización" a unha maior estabilidade na exhibición dos espectáculos, especialmente nas grandes cidades, Vigo e A Coruña. Para o dramaturgo, actor e director de escena, unha montaxe non debería estar menos de dez días en cartel. "Só dese xeito", puntualiza, "incluso asumindo os riscos de que nalgúns funcións haxa pouca xente, pode empezar a funcionar o boca a boca". Pazó considera "imprescindible" a creación dunha escola de teatro, tal como anunciou recentemente a Xunta de Galicia, con sede en Vigo. Ana Vallés, pola contra, é contraria ás escolas: "Respecto que se faga, pero non creo que solucione os nosos problemas".

Ambos coinciden, sen embargo, na necesidade de darlles pulos ás compañías estabais: "Son as que fan que os proxectos se consoliden, evolucionen e se perpetúen" (Ana Vallés) ou "son a única maneira de entablar unha relación estable co público" (Cándido Pazó). As compañías residentes –engade o presidente da AADTEC– funcionan na Alemaña ou en Francia "e nós deberíamos tender a conseguilo: en cada vila debería haber unha compañía estable de teatro que formaran un público. Narón sería, en Galicia, o mellor exemplo de programación teatral estable".


¿Pero o CDG non cumpre en certo modo esa función? Pazó é cauto: "En gran medida non, e non porque programamos ou malos espectáculos, responsabilidade en calquera caso do equipo que faga a montaxe. O Centro Dramático Galego fai, pero non o suficiente e aí temos cómo algunhas montaxes non chegan a cidades como A Coruña. Outro exemplo: o uso do seu teatro debería ir a máis: está ben que sexa a sede do CDG pero nel debería haber teatro sempre: ser un punto fixo de referencia teatral". Respecto da feira de teatro, ten "unha opinión contraditoria", consecuencia de "escoitar a profesión": ao parecer "din que da feira non se saca nada concreto, en limpo... Pero ningunha compañía programa sen pensar na feira... E se perdes a feira, sabes que é moi difícil vender o


teu espectáculo... É un punto de referencia". Ana Vallés non ten moi claro o balance que faría da existencia da feira, pero ve "un cambio positivo" na edición deste ano, con mesas de diálogo e puntos de encontro entre creadores". Enténdese o director do Centro Dramático Galego (CDG) Manuel Guede con bagaxe e "idade suficiente" para contemplar con perspectiva histórica a situación actual do teatro no país. Para Guede todas as cuestións hai que situalas no propio proceso: do que era hai 25 anos, en Ribadavia e o que é hoxe. "Hai moito que avanzar pero tamén se avanzou moito" comenta quen con ollada optimista, recorda con insistencia cómo na reunión o último Consello da Xunta en Monforte deu o visto e prace á "creación da desexada Escola Superior de Arte Dramático de Galicia" que define como "un factor determinante" para a consolidación do tecido teatral galego. Iso sen esquecer cómo "se aprendía a navegar, navegando" ou "cómo emigrou para formarse" nunha carencia que, ao seu entender, "está a punto de ser resolta". Convencido está de que, na medida en que a sociedade perciba que se é diplomado en escea, que se pasou pola Escola, se determinará un maior recoñecemento: un extremo que Guede parafraseando a Lorca -cando nos anos trinta incidía na necesidade de que "había que gañar o estatuto de autoridade"- coida decisivo para unha maior presenza do sector na sociedade. "Sempre se fala do teatro en clave de crise, de cómo a súa existencia está sometida a revisión, da súa precariedade" describe Guede desmontando posicións derrotistas e miradas ácidas porque, apunta, mesmo "as situacións que se consideran fantásticas teñen os seus problemas". En Galicia considera Guede que haberá que facer unha nova análise, un novo conto, polo que aposta, tras o compromiso da Xunta, por propor un "grande congreso teatral" onde todos os axentes implicados no teatro participen e propoñan unha especie de "proposta xeral" do que necesita este país.

Parte Guede da tríade teatro-cidade-democracia para reflexionar, con perspectiva de futuro, sobre a consolidación e fortalecemento do sector teatral galego. E parte diso como un xeito de abordalo dende a base, a raíz, ao considerar cómo o primeiro ámbito de creación nace no corazón da cidade. "Hai unha tendencia natural da profesión de dirixir as críticas á Xunta e esquecese, dun xeito sistemático, doutro tipo de responsabilidades que afecta a organización do sistema teatral". Refírese Guede ás cidades como o espazo onde hai que incidir "xa sexan con compañías residentes ou outros modelos", asegura quen coida que a "compañía da cidade" pode ser un elemento vertebrador. Tanto como o fútbol. "Iso- engade- xeraría un crecemento multiplicador". E preguntase: "A única institución pública que ao longo de 25 anos se crea é o CDG ¿por que non pode existir nun concello un teatro municipal como fixeron co caso da filharmonía?"

E se Guede traxecta unha visión optimista do teatro deste país, a crítica teatral Imma López Silva fala dunha realidade "relativamente esperanzadora" -á vista de máis compañías ou a creación dunha Escola de Teatro- pero "con detalles que abren unha especie de nebulosa" nunha afirmación que asenta na "escasa edición que existe de textos dramáticos" ou fronte ao papel da crítica que para López Silva "non ten a representatividade que debería ter como noutros sistema normal". "No sistema teatral galego danse as mesmas contradicións que existen no sistema cultural en xeral, cos problemas de lingua incluídos" subliña quen considera que a creación da nova Escola de Arte dramática "será boa" na medida que activará "unha infraestrutura teatral que hoxe non existe". "Un título -engade- é bo telo e da escola xurdirán, entre outros aspectos, novos dramaturgos". Cre López Silva que hoxe "non se sabe o que é profesional e o que non" mentres incide na necesidade da "normalizar o teatro": "é triste que en 25 anos se conseguise pouco pero, tendo en conta que non había nada, hoxe temos un teatro público nacional que noutros sitios non hai", destaca quen repara nas necesidades dun país que "non só tivo que construír un teatro senón tamén Galicia como comunidade".

"Cos medios e cos gobernantes que tivemos conseguíuse bastante", asenta noutra volta a crítica que define a creación do Centro Dramático Galego como "un dos grandes fitos do teatro contemporáneo en Galicia" nunha sentenza sobre a que abre a fenda da dúbida ao deixar na marxe opinións sobre a súa xestión. Algo semellante fai ao abordar a conveniencia de crear as compañías residentes ao acreditar na idea de que "debe abrirse un camiño máis amplo" e "non cingirse ao traballo dunha cantas compañías". Pero faltan espectadores: "Claro, as entidades públicas e os teatros non son quen de facer tarefas de promoción e non se programa como é debido, en datas lóxicas" mantén para, ao cabo, concluír cun: "non hai unha cultura teatral e non se fai gran cousa para cambiar iso".





A alegría do teatro

Lupe Gómez

De novo, a feira do Teatro de Galicia. Un ano máis, ver teatro, bailar. Expoñer o que facemos, a nosa creatividade, a nosa maxia, a nosa pulsión viva e interesante. Sangrar, co sexo aberto. Correr, correr moito. Un ano máis, sentir que os cometas enchen a cidade de Compostela, que podemos avanzar, que podemos rir. Que estamos atravesados, e atravesados, pola maxia.

Este ano vai haber debate e vai haber danza. Dúas novidades, que enriquecen a feira. O debate, para reflexionar, para falar, para abrir e pechar o silencio. Para que non nos magoe a escuridade. Para que podíamos bailar polas rúas, nos teatros. É necesario debatir, escoitar, sentirnos vivos, ilusionados, ilusionadas. Son necesarias as palabras, como unha catar-se da que saímos como novos, novas, bailando.

Tamén é moi necesaria a danza. A danza está ás veces moi descoidada. Non hai funcións de danza. Non hai programación estable. Deberíamos bailar máis, elevar máis a risa, o pranto. Porque bailando liberamos as nosas

mentes, os nosos corpos, e renacemos limpos e libres, sangrando. Como vacas que atravesan a historia para manterse dignas, elegantes. Como cabalos que senten na escuridade moito amor.

Na feira vaise estrear o novo espectáculo da compañía galega Chévere, que leva por nome Radio Universo. Vai ser unha cita importante dentro da feira. Porque estamos desexando asistir á nova creación desta compañía interesante e inconformista. Seguramente Radio Universo é un espectáculo divertido, diferente, alternativo, máximo.

Sempre hai moito de maxia no teatro. O teatro sempre é unha forma de alquimia. Un intento de facer desaparecer o real para crear novas realidades. Unha forma de escapar, regresando a un lugar vivo, brillante. O lugar do teatro. O teatro está en crise, pero o teatro non está canso. O teatro aparece e reaparece sempre, e renace cando parece que non vai renacer. Como a cultura. Como o idioma.

Eu quero que o teatro galego saia da súa crise, que venza a súa crise. Que se volva vivo e

ilusionado. Porque facer teatro en Galicia, aínda que sexa ás veces algo triste, é tamén moi ilusionante. Significa abrir portas novas á creación. Significa atravesar campos. Creativamente, o país está vivo. O teatro galego está vivo, e camiña por camiños azuis, libres.

Eu quero seguir indo ao teatro. Quero seguir escribindo sobre teatro, no Correo das Culturas. Non teño moito espazo para escribir, pero a min encántame resumir, dicir en poucas palabras o que teño que dicir, expresarme así, dunha forma espontánea, impulsiva.

Quero mirarme nos ollos da poesía, e que o crítico teatral Camilo Franco, ao acabar a función, me leve no seu coche á miña casa nos Basquiños, para desaparecer na maxia. Camilo sempre me pregunta de qué me río, e nin eu mesma o sei. Supoño que me río porque sinto en min a alegría do teatro. A alegría da vida. Bailar.

Cruzar os ríos, metida nos ollos do elefante. Soñar con irme a África. Ás veces soño con irme, porque a realidade galega me resulta abafante. Sinto a veces que afogo, que non podo respirar. Supoño que o teatro galego ás veces tamén sinte iso. Unha falta de aire. Aire novo, que nos faga libres, que nos encha. Camilo, moitas veces, queda durmido no teatro.

sultan moi interesantes, e que a estas alturas nos enlazan co futuro e coa modernidade. Dunha forma viva, natural. Non para aparentar, senón para xogar co teatro e para inventar, investigar, aprender. Novas miradas. Novas formas de beleza. Novas maneiras de bailar. Bailar sempre da mesma maneira sería moi aburrido. Hai que romper, tamén no teatro. Encántame transgredir, baleirarme, romper as normas.

Se deixamos de ensaiar, morremos. Se nos cansamos, o camiño tamén cansa. E o camiño está feito para camiñar, para movernos, para sentir que estamos empezando algo, non para sentir que se chegou. Porque en realidade, nunca chegamos. Ás veces a serenidade nace de comprender iso. Ás veces a serenidade nace de darnos conta de que todo é unha continua infancia, un continuo correr. Variacións dunha mesma sintaxe, dunha forma eterna.

A cultura galega é ese barco cativo e inmenso que nos leva. Debemos emerxer, no mar. Coas nosas cicatrices. Cos nosos remorsos. Coa nosa rabia. O noso teatro, como en xeral a nosa cultura, aparece debuxado nunha realidade moi elitista, moi pequena. En xeral son poucas as persoas que se achegan ao teatro galego. Todo debería converterse



Supoño que porque se aburre.

Eu ás veces tamén me aburro, aínda que se me note menos. Teño a sensación de que en Galicia fai falta moita alegría, moito entusiasmo. Que o pesimismo non nos leva a ningunha parte. Que temos que abandonar o suicidio, a queixa continua. O teatro tamén ten que facerse máis alegre. Non podemos vivir a vida pensando continuamente en que imos morrer. A morte vén por si soa, e ás veces non tarda. Estamos vivos para ilusionarnos, para namorarnos, para saltar. Facendo teatro facemos que todo colla unha nova cor. Creamos felicidade. Facendo teatro a humanidade vólvese máis boa, menos insufrible. O mundo vólvese máis habitable. Sentimos máis dignidade, sentímonos reforzados, reforzados. É unha forma de facer que o día se confunda coas sombras, e que a lúa nos mire cos seus tristes, bonitos ollos.

Hai melancolía no teatro. Unha melancolía divertida, que nos enfurece. Que nos sostén. Que nos afianza. Eu creo moito no teatro alternativo, neses montes que nacen nas praias. Esas outras formas de facer teatro, que re-

nunha festa. Un exemplo é o espectáculo Di-llei, de Carlos Blanco. Fai falta alegría, esperanza. Hai formas de contar traxedias que resultan reforzadoras da alegría. Non estou decidindo que non se deban contar cousas tristes, crúas, descarnadas.

Camilo, cando me ve chorar, sempre me di que sempre nos quedará a ironía. A ironía, como unha arma marabillosa. Eu non quero chorar moito, só un pouquiño, ás veces, cando é necesario.

Un ano máis, volve a Feira de teatro de Galicia. Unha ocasión marabillosa e única para desfrutar co teatro. Esta vez poderemos debater e bailar. Sentindo que os ríos interiores son mapas en nós. Sentindo que o teatro se mostra a si mesmo con ganas de mostrarse, con ganas de soñar, con ganas de bailar. Cun espírito renovador e ilusionante.

O teatro, como un diamante azul, como unha orquestra na escuridade, como unha bailarina rebelde e libertaria, como un cabalo cheo de poesía, como unha nena que aprende a correr, que xa sabe correr, que non cae. O teatro, a mirada ilusionada.



A duodécima edición da Feira de Teatro de Galicia integrará por primeira vez espectáculos de danza e distintas sesións de debate, para converter este encontro, que se organiza habitualmente como lugar de encontro e intercambio dos programadores, nun punto de posta en común para os profesionais involucrados dalgún xeito no desenvolvemento do feito teatral.

Unha panorámica de catro días

Lois Sandoval



O presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (Igaem), Amado Ricón; o xerente deste organismo, Xosé Manuel Souto, e o director da Feira, Víctor López Carbajais, presentaron onte a programación desta cita, que se prolongará do 20 ó 24 de abril e na que participan vinte e sete compañías, dezanove delas galegas, con dúas concretamente que ofrecerán unha estrea absoluta ós espectadores.

Ademais das representacións e as sesións de debates, no marco da feira celebrarase unha Xunta Ordinaria da Rede Nacional de Teatros, Auditorios e Circuitos de Titularidade Pública e unha reunión de responsables de circuitos autonómicos de exhibición escénica.

Un total de vinte compañías son de teatro de adulto, quince delas galegas e cinco doutras Comunidades: Andalucía, Euzkadi e Cataluña cunha montaxe cada unha delas e Madrid con dúas. Ademais hai cinco compañías de teatro especificamente infantil, das cales tres son galegas e de marionetas e dous de fóra da Comunidade e de teatro de actor.

A elas únense nesta edición as dúas compañías de danza convidadas á feira, Nova Galega de Danza e a catalana Thomas Noone Dance.

Na feira estarán preto de 120 programadores, galegos e de fóra da Comunidade, que coñecerán as ofertas para as incluír nas súas programacións, se ben Víctor López Carbajais lembrou que as montaxes participantes na feira están xa integradas na rede galega e percorreren numerosos municipios.

8 | **r d l**
Galicia Hoxe 15/04/04




Novo dous O porqué das cousas

Unha compañía do Carballiño será a encargada de abrir a feira e farao cun texto de Quim Monzó baixo a dirección de Roberto Cerdá. Josi Lage, Lois Soaxe e Jouse García conforman o elenco desta comedia que se representará ás 17 horas do día 20 de abril na Sala Yago. A obra arrinca cando tres actores irrompen no espazo deshabitado dun escritor e ao descubrir un libro ao chou, eles mesmos comezan a representar as historias que se enuncian nas súas páxinas... Esperanza, desencanto, dobre intención, humor e desexo xúntanse na obra para que o espectador reflexione sobre o logro da felicidade no ser humano.




Librescena 'Os cárceres do olvido'

Inma Antonio, Miguel Pernas, Agustín Vega e Xosé Vilarelle son os protagonistas de 'Os cárceres do olvido', a última produción de Librescena, que poderá verse na xornada inaugural da feira (día 20) a partir das once da noite no Instituto Xelmírez. A propia Inma Antonio é a autora dun texto que tamén Miguel Pernas se encargou de levar a escena. Trátase dun espectáculo, segundo os responsables da montaxe, onde se funden dous planos distintos, dous espazo-tempos entrelazados e superpostos, sincrónicos, "co obxectivo de que o público asistente decida, logo da súa reflexión, abrir a reixa ou deixar que esta continúe pechada para sempre".



Bucanero Se normal. Vota substancia...

Tres tipo "normais", cansos de queixarse en van, deciden cambiar o mundo montando o seu propio partido político Substancia Bucanera. A empresa parece difícil, pero os tipos teñen claro os pasos para seguir: "Para cambiar o mundo antes temos que coñecelo", e que mellor para coñecelo que reunir nun local dunha asociación de veciños a todos os seres vivos. Este é o arrinque de 'Se normal. Vota Substancia bucanera', o espectáculo que Bucanero presentan o día 20, ás doce e media da noite, na Sala Nasa. Unha comedia escrita por José L. Prieto (tamén intérprete do espectáculo) que dirixen Bucanero e Iolanda Muíños.



Trompicallo Nadarín

Con dirección de Plamen Dipchikov sobre un texto de Cristina Fernandó, Titeres Trompicallo estrea na feira o día 21 (dez e media da mañá na Sala Yago) a súa última produción, 'Nadarín', con música de Nacho Sanz e manipulación de Luís González e Marian González. Trátase dun espectáculo de aproximadamente cincuenta minutos de duración, para un público maior de tres anos, en lingua galega. Unha proposta que somerxerá os espectadores nos fondos mariños. "O Peixe Grande pode aparecer en calquera momento e nós somos moi pequenos... apenas un aperitivo para el, aínda que temos unha vantaxe: somos máis".



Talía Teatro

Molière Final

Un drama que escribiu e dirixe un dos dramaturgos clásicos do teatro galego actual, Roberto Salgueiro. O propio Salgueiro encargouse da escenografía e da iluminación, que pode representarse tanto en galego como en castelán. Protagonizan Gonzalo M. Uriarte, Rodrigo Roel, Xulio Lago, Maxo Barxas e Artur Trillo. A montaxe desenvólve a súa acción no día escaso que transcorre dende a morte de Molière ata o momento do seu enterro. Unha obra, aseguran os seus responsables, "que fala do home desde a perspectiva universal e que lle outorga á palabra un valor relevante".



Matarile

Acto seguido

É un dos grandes éxitos da temporada do teatro galego, culminación dun proceso que converteu a Matarile Teatro na proposta máis audaz e novidosa do noso panorama dramaturxico. 'Acto seguido' –que se representa na Galán o día 21 ás oito da tarde– está dirixido por Ana Vallés con textos da propia compañía e de Javier Martínez, con escenografía e iluminación de Baltasar Patiño, que por este traballo recibiu un Premio 'María Casares'. Unha obra emocionante e emocionada sobre a condición trágica que brilla humor. No reparto, Helen Bertels, Eugenia Iglesias, Roberto Leal, Daniel Moreno, Ana Vallés, Marina Wainer e Sergio Zarreta.



Lagarta lagarta

Fobias

Lino Braxe dirixe a comedia 'Fobias', que o 21 de abril se exhibe ás dez e media da noite no Salón Teatro. José Luís Prieto (un autor en alza) escribiu este texto no que catro mulleres, pacientes e amantes do afamado psiquiatra Luís Menda, son invitadas por este a unha cea íntima na súa casa e ó chegar, cada unha descobre que non é a única invitada e que o anfitrión está desaparecido. Rosa Álvarez, Belén Constenla, Flor Maceiras e Iolanda Muíños son as protagonistas dunha peza con cadáver incluído, con figurinos do sempre eficaz Paco Conesa no vestiario e na escenografía.



Chévere

Radio Universo


Dicir Chévere é dicir unha das máis sólidas e aplaudidas compañías galegas, que na Feira do Teatro realizan a estrea absoluta da súa última proposta 'Radio Universo'. Será na Sala Nasa, o 21 de abril, a partir das doce e media da noite. Xron, Manuel Cortés, Patricia de Lorenzo e Miguel de Lira soben de novo ó escenario para facer as delicias dos seus numerosos admiradores e fano sobre un texto propio que, ademais, dirixiron eles mesmos, autores tamén do deseño escenográfico. Non faltarán os músicos en escena (Xurxo Pinheiro Santos e David F. Vieites) para unha obra que se sitúa nunha lanzadeira no século XXI.



Teatro do Morcego

O caso da rúa Lourcine

Teatro do Morcego ofrece un vodevil de Eugène Labiche que dirixiu Xan Cejudo. Sobre o escenario, Celso Parada, Maxo Barxas, Mundo Villalustres, Salvador del Río e Miro Magariños. A compañía radicada en Cangas do Morrazo aposta por unha trama de enredos: un rendista vai unha noite de esmorga sen o coñecemento da súa muller e cando esperta non se lembra de nada, pero está acompañado dun home. Mentres trata de convencer a súa muller de que aquel home é un notario, descóbrese que o corpo dunha muller carboeira horribilmente mutilado.



A Factoría Teatro

O canto do Dime-Dime

A Factoría Teatro aposta sempre polos textos audaces e as postas en escena arriscadas. Este 'Canto do Dime-Dime' non é unha excepción. Sobre un poderoso texto de Daniel Danis, Cristina Domínguez dirixe unha montaxe na que participan como actores Carlos Caetano, Xosé Antón Coucheiro, Alfredo Rodríguez e Rocío González. Eles interpretan a tres irmáns e unha irmá, dúas veces orfos despois da desaparición dos seus pais adoptivos durante unha noite de tempestade, que herdan unha cabana descomposta e unha máquina estraña: o Dime-Dime, unha especie de aparello de coiro onde desafogan as súas penas e alegrías.



Teatro do Noroeste

Ensaio


Eduardo Alonso, un dos nomes que se engastan á historia do teatro galego, é o artífice desta comedia que el mesmo escribiu e dirixe, e á que tamén lle puxo a iluminación. Preséntase na sala Yago o día 22 de abril ás oito e media da tarde. Dous únicos actores integran o repartimento: Luma Gómez e Manuel Areoso. Alonso presenta unha montaxe do teatro sobre o propio teatro, na que unha actriz tenta construír un personaxe que é ela mesma e que tampouco logra entender. Durante a construción deste eu escenográfico, os límites da actriz como persoa serán constantemente postos en cuestión.



Sarabela

Así que pasen cinco anos


Sarabela Teatro recrea a obra teatral de Lorca máis surrealista e con ela conseguiu un dos éxitos da temporada pasada, ademais de arrasar na última entrega dos Premios 'María Casares'. Ánxeles Cuña Bóveda encargouse –como é constante da compañía– da dirección, mentres Fernando Dacosta –o buque enseña do grupo– compuxo as cancións. No repartimento, o propio Dacosta –Premio Casares– xunto a Eduardo Estévez, Sabela Gago, Suso Díaz, Xosé A. Porto, Elena Seijo, Nate Borrajo e Tito R. Asorey. O mundo de Lorca na súa plenitude inconsciente, peneirado pola dramaturxia e a concepción teatral de Cuña Bóveda.



Cachirulo

A pedra que arde

Os títeres regresan o día 23 ás once da mañá na sala Yago da man de Cachirulo e dunha obra, 'A pedra que arde', que escribiu Eduardo Galeano. Jorge Rey é o director, iluminador e manipulador deste espectáculo de case cincuenta minutos de duración. Carmen Domenech é a escenógrafa e tamén manipuladora –ademais de Borja I-dos títeres. A historia é sinxela: o protagonista fai unha incursión na horta que ten as mellores maceiras da comarca e atópase cun can que lle impide escapar. E ocorre algo máis: o protagonista atopa unha pedra máxica.



Sapristi

'Hotel Run'


A comedia é a auténtica raíña da Feira de Teatro e Sapristi, con 'Hotel Run', non é unha excepción. Evaristo Calvo é o autor e o director desta montaxe, que protagonizan Nuria Sanz, Patricia Vázquez e Rodrigo López. A composición musical é obra de Piti Sanz e Rodrigo López. A obra, que se presenta na Sala Nasa o día 23 de abril a partir das doce e media da noite, parte de dúas irmáns que fan cumprir a derradeira vontade do seu pai: espallar as súas cinzas nun lugar pouco usual dun establecemento hoteleiro de dubidosa reputación. Para levar a cabo esta encomenda deberán pasar xuntas parte dunha noite reveladora.



Nova Galega de Danza

Alento

A Feira do Teatro diversifícase con Nova Galega de Danza, un grupo xestionado por Nordesía que actúa o 23 de abril ás once da noite no Instituto Xelmírez. Vicente Colomer e Jaime P. Díaz son os directores artísticos –tamén coreógrafos do grupo–, mentres Xosé Lois Romero é o musical. No grupo de músicos, Pedro Lamas, Dani Sisto, Xabier Cadrón, Melo Suárez e Xosé Lois Romero (ou Suso Iglesias). No baile, Vicente Colomer, Jaime P. Díaz, Alba F. Facal, Ruth Cordero, Pastor Rodríguez e Lilianne Frías. 'Alento' dura hora e media e é Galicia a que fala entre a música e a danza desta peza.



Os convidados

Oito montaxes de fóra de Galicia

Oito son as montaxes de fóra de Galicia que chegan a Compostela: Valencia, Andalucía, Euskadi, Catalunya e Madrid. Así os valencianos de L'Horta Teatre porán en escea 'Pelusa, la intrusa' e os andaluces de 'Histrión Teatro', a montaxe 'Amor de Don Perlimpín con Belisa en su Jardín'. De Madrid chegan dúas compañías –Cambaleo teatro con 'Para nada' e Teatro Meridional con 'Dionisio Guerra' – as mesmas que chegan de Catalunya –Titzina Teatro con 'Folie a deux/Sonhos de psiquiátrico' e a danza de Thomas Noone Dance con 'Loner' – e de Euskadi con Markeliñe con 'Los domingos no hay piratas' e Traspasos Kultur con 'Mario por alusión'.



Monicreques de Kukas

Contos do vento acatarrado


Marcelino de Santiago, 'Kukas', probablemente o nome con máis poder evocador do mundo dos títeres e monicreques de Galicia, é o autor deste texto que o propio Kukas dirixe xunto a Isabel Rey e Gena Baamonde. El tamén é o manipulador dos monicreques, xunto con Rey, que se encargou así mesmo do deseño do vestiario. A historia, de cincuenta minutos de duración, porase en escena o día 24 ás once da mañá na Sala Yago. No espectáculo, Galicia como pano fondo e os carballos como elementos lendarios que tiveron que marchar á emigración. Unha obra para non perder.



Teatro do Aquí

Camiño longo

'Camiño longo. Entre as roseiras de Cabanillas' convida ao espectador a coñecer dunha maneira amena e intensa, combinando imaxes e texto con apoiaturas musicais, a traxectoria, os ideais, a obra e o tempo de Ramón Cabanillas. O texto é de Luís Rei e a dirección da propia compañía, que contou con Rodrigo Roel como escenógrafo desta peza musical. Xabier Debesa, Cándido Lorenzo e Xabier Camba son os músicos en escena, que comparten cos actores Miguel Varela, Luís Iglesias, Rubén Ruibal, Mónica Caamaño, Xoán Carlos Mejuto e Lucía Regueiro. Será o día 24 de abril, ás catro e media da tarde, no Instituto Xelmírez.



María a Parva

Indignos

Gena Baamonde é a directora e a principal protagonista de 'Indignos', unha obra que a Compañía María a Parva porá en escena o día 24 de abril, ás seis e media da tarde, na Sala Yago. Roberto Leal e Javier M. Oro participan no reparto, este último encargado tamén da iluminación. 'Indignos' é un espectáculo que versa sobre unha troupe de hipócritas descompostos, especialistas en aparencias que falan, dialogan e discuten sobre a imposibilidade da arte perfecta, a imposibilidade dunha vida perfecta con desexos perfectos. A obra, ademais, estréase hoxe no Teatro Galán.



Teatro de Ningures

Troianas

Etelvino Vázquez dirixe e ilumina esta versión do texto clásico de Eurípides, ó que tamén lle puxo a dramaturxia xunto a Xosé Manuel Pazos. A montaxe preséntase o día 24 abril, ás once da noite, no Salón Teatro, poñéndolle deste xeito punto final á feira. Sobre o escenario, Pepa Barreiro, Casilda García, Sonia Rúa, Santiago Cortegoso, Francisco Paredes e Salvador del Río. Nesta obra, Eurípides, que algúns consideran "o máis humano dos grandes traxicos gregos", mostra a súa fondura de psicólogo e o seu gran coñecemento da alma feminina en toda a súa dramática plenitude.



Coordinación: A.R. López e Soedade Noja.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

A India



A India:

as máis grandes eleccións da historia da humanidade

S. Noia e A.R. López

O pasado día 20 comezaron na India as súas primeiras eleccións lexislativas do século XXI, máis de 670 millóns de electores que deberán elixir os 545 deputados do Parlamento central e que converten os comicios nos máis multitudinarios da historia da humanidade. Dous partidos disputanse o triunfo: o Bharatiya Janata Party (BJP), de orientación fundamentalista hindú e claro favorito a vencer nos comicios, e o Partido do Congreso, herdeiro dunha tradición que se engasta en Gandhi. Este monográfico de RdL é unha proposta para achegarnos visualmente á historia e ó presente dun país contradictorio, onde conviven o atraso máis feroz e a vangarda dos avances científicos, a pobreza máis horrible e riqueza máis arrogante, a espiritualidade e un descarado amor ós cartos.

O pasado día vinte, quince dos 29 estados que compoñen a India e dous territorios autónomos comezaron o longo e prolixo proceso das eleccións lexislativas, que se prolongará ata o trece de maio. Como vén sendo habitual, a xornada non faltaron os incidentes: os terroristas maofistas poñendo bombas nos conflictivos estados do oeste, os musulmáns atentando contra os candidatos do fundamentalista BJP e os fundamentalistas hindús asasinando a algúns dos integrantes dos intocables que militan nos movementos de esquerda. As mafias volveron exercer o seu dominio nas grandes cidades e o control de voto por parte dos dous partidos maioritarios (o BJP e o Partido do Congreso) impúxose como vén sendo costume nun país onde a corrupción –abasallante– campa ás súas anchas desde o imperio de Indira Gandhi. A pesar de todo, coas súas carencias, a súa violencia, a insolidariedade, a falta de transparencia e a manipulación dos censos, a India é un dos poucos países da área onde pode falar-se da existencia de democracia e estas eleccións –as máis multitudinarias da historia da humanidade– son a demostración do equilibrio que o país mantén entre o exercicio da liberdade e a ditadura da corrupción e as oligarquías.

Tras as décadas de hexemonía do Congreso, a India vive desde mediados dos anos noventa unha etapa de dominio por parte do movemento fundamentalista hindú do BJP, un nacionalismo de fondas raíces relixiosas que, entre os seus méritos, pode colocar o asasinato de Gandhi ou a destrución da mesquita de Ayodhya. Tamén están algunhas das forzas integradas no BJP detrás do asasinato de cristiáns nos atrasados estados do Deccán e na continua loita fratricida que sacode o Gujarat, onde os islámicos son asasinados impunemente ante a vista gorda da xustiza e

za na Coca-Cola e na Pepsi. É estraño que un partido tan recalcitrantemente nacionalista como BJP –noutro apostado no proteccionismo máis conservador– sexa o artífice do proceso. A solución é que ningunha outra formación como a hinduísta podería conter de tal xeito as grandes masas populares sen posicionalas contra a privatización. É dicir: só o BJP podería efectualar sen conflitos significativos, aspecto que fai pensar nun trasfego dos mecenados do Congreso cara ó fundamentalistas, conscientes de que a saga Gandhi non estaba en condicións políticas de garantir a transición.

A terceira das claves está intimamente ligada tamén á relixión e á paixón que os indios senten polos cartos, xa non polos cartos como capacidade adquisitiva –que tamén– senón polo que simbolizan. A caixa forte ocupa o lugar central dos templos e os comerciantes levan os cartos á fronte en sinal de agradecemento cando unha venda lles é favorable. Os cartos son unha benxón e a súa chegada é indicador de que imos polo bo camiño, de que temos a sorte do noso lado e os deuses nos están axudando. Os cartos iluminanlles ós indios os ollos, libéranos, dálles a vía da salvación. E os cartos, coa privatización, entran agora de forma máis abundosa na sociedade, creando unha rudimentaria e estreita clase media que, non obstante, é cifrable en millóns: aproximadamente uns douscentos. Unha clase, polo demais, que se mobiliza nas eleccións, medianamente formada nun país de analfabetos e con certa presenza de opinión.

O BJP, de feito, baseou a súa campaña electoral en destacar os logros económicos do seu lustro de goberno, en especial dos últimos doce meses nos que o país tivo un crecemento económico do 8,1 por cento, un dos maiores do mundo. O



a colaboración da policía ou da poboación en xeral, que aproba co seu voto maioritario a política de terror, de odio e de cegueira imposta polo BJP.

Pero ¿como pode ser posible que os electores indios, dun xeito significativo, podían votar por partidos políticos nos que se admira explicitamente a política de Hitler ou de Mussolini, partidos que instan ó asasinato, ó odio relixioso e ó exterminio de calquera pegada cultural estranxeira, algunhas francamente paradoxicas como as celebracións de san Valentín? Tres son, basicamente, os alicerces do desatino. Por unha banda, o descrédito do Partido do Congreso polos casos de corrupción e o seu descabezamento tras a morte de Rajiv Gandhi. A herdeira desa responsabilidade é a súa viúva, unha italiana sen ningunha experiencia política que saca valor das acusacións de estranxeira que lle lanza o BJP.

Logo están as raíces relixiosas, cos brahmanas como caste que exerce o poder e domina o tránsito entre a vida terrea e a súa liberación. Estes auténticos cabaleiros feudais da alma hindú gobernan ferreamente ós fieis e controlan tamén as súas vontades. Igual que ocorre con certos cregos cristiáns na igrexa ou con algúns imáns no islam, os brahmanas exhortan ós seus seguidores a votar ó BJP e velar pola preservación da indianidade. Pero no fondo, os brahmanas son só a pantalla, o instrumento que os políticos do BJP utilizan para a empresa máis lucrativa da historia da India: a privatización e o proceso de liberalización, que está abríndolles as portas do subcontinente ás grandes multinacionais, especialmente as norteamericanas, con punta de lan-


avance viuse favorecido pola mellor colleita das últimas décadas, nun país onde o 70 por cento da poboación é rural, o que impulsou o consumo interno e dinamizou a economía.

Isto creou unha sensación de “benestar” que se contaxiou a gran parte da sociedade, pese a que case un terzo dos 1.050 millóns de habitantes do país se encontraran en situación de extrema pobreza, con menos dun dólar diario de ingresos, e outro terzo non supere un soldo de dous dólares diarios.

Pouco importa agora que 700 deputados, un 17 por cento dos 4.072 que suman os parlamentos central e dos estados, moitos deles membros ou aliados do BJP, teñan antecedentes criminais, segundo datos facilitados pola Comisión Electoral da India.


Ante o panorama, todas as enquisas prevén que o BJP triunfe claramente nas eleccións, cun abano de deputados que van dos 240 ós 270, insuficientes para a maioría absoluta pero folgados para establecer alianzas. Na véspera do inicio das eleccións, Atal Behari Vajpayee, o presidente en funcións e líder do BJP chamou os electores a darlles un mandato claro ós fundamentalistas: “Necesitamos seguridade neste país porque podería haber unha crise internacional en calquera momento”.

E fronte a esta inseguridade e o fundamentalismo islámico que impera no inimigo acérrimo da India, o Paquistán, os indios ven na relixión e en posturas de forza como o plan nuclear, unha garantía de que, polo menos, haberá alguén que os protexa.




A fin da India milenaria

Bahadur Sah II foi o derradeiro mogol, a fin dun imperio que gobernou A India desde 1526 a 1858. Nese ano, Inglaterra botou-no ó exilio de Rangún como castigo pola revolta de 1857, que pretendía restaurar a monarquía efectiva con Bhadur Sah II no trono. A rebelión, a primeira verdadeiramente seria á que se enfrontaron os colonizadores británicos desde o seu asentamento na península hindostana a primeiros do século XVII, era unha profunda reacción relixiosa e aristocrática contra a occidentalización moral e económica do país. Na fotografía, Bahadur Sah nos seus últimos días, xa no exilio de Rangún.



A perla da Coroa

En 1958, A India foi integrada na Coroa británica, tras máis de dous séculos de ser administrada pola Compañía das Indias Orientais. En 1876, a raíña Victoria converteuse na emperatriz da India e en 1911, o rei Xurxo V –coroado en Deli– foi o primeiro e único monarca que pisou as súas posesións indias. Entre unha e outra data, os británicos desenvolveron un intenso labor de pacificación e consolidación económica: construíron fábricas, ferrocarrís, estradas, portos, regadíos... Abriron universidades e redescubríronlles ós propios indios a riqueza do seu patrimonio artístico. Na agricultura, sen embargo, a súa planificación acabou resultando desastrosa. Na fotografía, a chegada do séquito de Xurxo V de Inglaterra a Mumbai, para o que se construíu a que logo se denominaría Porta da India, hoxe símbolo da cidade.



Rabindranath Tagore e a conciencia de seu


Rabindranath Tagore (1861-1941) deulle á lingua bengalí un Premio Nobel de Literatura e converteuse no escritor indio máis admirado e querido no mundo. Tagore fusionou na súa poesía a aspiración universalista hindú, orientada cara á transcendencia, e o activismo sereno da heranza occidental. A súa resistencia á colonización británica era real, pero na súa escala universalista, a humanidade estaba por riba da nación. Condenou tanto a resistencia pasiva – aínda que exista moita similitude entre a súa visión e a de Gandhi – como a violencia agresiva. O universo, para Tagore, é amor e este ten as súas raíces en Deus, do mesmo xeito que no mundo creado está o seu obxecto.

rdl | 5
Galicia Hoxe 22/04/04




O despertar do nacionalismo

No ano 1885, xurdiu o Congreso Nacional Indio, unha especie de asemblea representativa non oficial que a partir dos primeiros anos do século XX se converteu no xermolo da acción nacionalista. Progresivamente, o Congreso foi acadando maiores cotas de intervención política e os británicos comezaron a barallar a posibilidade dunha autonomía completa no ámbito político do Imperio. A verdadeira clave que converteu o Congreso Nacional Indio no vehículo da independencia foi Gandhi, que nos anos vinte colleu as rendas da asemblea e nas primeiras eleccións verdadeiras da India (1937) logrou un demoledor triunfo.



Gandhi: centro e extremo que conseguiu transformar a non violencia nunha cruzada colectiva a prol da soberanía da India

Foi Tagore quen o chamou 'Mahatma', Gran Alma. Eran os anos 20, cando se funda a III Internacional en Moscova, e Gandhi asume practicamente a dirección do Partido do Congreso co que se imprimen novos métodos e metas. Pai da terceira vía no camiño da non violencia, revaloriza a roca e o 'khadi' (dieta vexetariana) mentres o movemento de non-cooperación acadaba unhas dimensións insospeitadas. Para o pobo, Gandhi encarnou unha figura venerada por todos os hindús: o asceta que renuncia ó mundo anque para as mentes políticas e prácticas, en cambio, era o home de acción: capaz de falar coa multitude e coas autoridades, hábil na negociación e incorruptible nos principios. Cando no 1933 sae da cadea se entrega intensamente á loita polos seus obxectivos de sempre: a independencia da India e a unidade espiritual de todos os hindús, a unidade hindú-musulmá, a prohibición total do alcol, o triunfo da roca e o khadi, a defensa dos dereitos dos "intocables" ou parias e a favor da emancipación da muller, o renacemento das industrias rurais e a reorganización das aldeas. Unha figura única e xenial, entre a fusión do relixioso co político, que conseguiu transformar a non-violencia da tradición 'jainita' (ahimsa) en cruzada colectiva que encendeu a millóns de almas.



Nehru: o líder socialista e agnóstico do Partido do Congreso, artífice da independencia no século de Hitler, Stalin e Mao

Ó principio, o seu racionalismo e socialismo enfrontáranos a Gandhi, a pesar da admiración que sentía cara a un home que lograra mobilizar a millóns de persoas nunha cruzada pacífica. "Anque era visible o cansanzo, sorprendeume sempre a súa elegancia, inmaculadamente vestido de branco cunha rosa no ollal". Así relata Octavio Paz a súa impresión nos últimos días do brahman de Caxemira: un aristócrata que nunca falou hindi senón urdu e hindustani coloquial e que sería o agnóstico do Partido do Congreso. Del escribira Gandhi: "É máis inglés que indio nas súas maneiras de pensar e vestir, con frecuencia síntese mellor entre ingleses que entre os seus compatriotas". Nin nas palabras nin no comportamento de Nehru subxacen simpatías coa dobre tradición relixiosa india. Máis se interesaba polo que facían os pintores emerxentes, vivindo, ó final, días amargos co conflito con China coa que veu destranzada a teimuda idea dunha fronte antioccidental, cunha á na organización dos países non aliñados e outra no bloque socialista. Nehru, herdeiro de Gandhi (que non discípulo nin continuador) e un revolucionario cun fin claro na independencia, emprendeu unha vigorosa política de intervención do Estado: política que acabaría na corrupción. Un primeiro ministro que pulsou pola modernización. Na foto, con sir e lady Mountbatten




A independencia: os logros e a súa dor

Na medianoite do 15 de agosto de 1947 –Salman Rushdie titulou ‘Fillos da medianoite’ a súa novela máis recoñecida–, a India acadou a independencia, pero dun xeito traumático: ese mesmo día o país partíase en dous e nacía o Paquistán, integrado polos seguidores do Islam. A división fraguárase corenta anos antes, cando a minoría musulmana se sentiu incómoda polo peso do hinduísmo no Congreso. Xorde, deste xeito, en 1906 a Liga Musulmana que, durante os anos corenta, se oporía sistematicamente ás pretensións unitarias de independencia e proporía no seu lugar a creación de estados islámicos nas rexións onde este elemento relixioso predominase. Os colonizadores británicos apostaron finalmente pola partición. Na foto, Nehru lanza unha pomba o día do seu cumpreanos de 1954.




A Partición

A partición non só dividiu A India en dous estados: tamén supuxo un sanguento enfrontamento fraticida entre musulmáns e hinduístas, que rematou con miles de mortos e provocou o movemento migratorio humano máis numeroso do século XX. Millóns de hindús abandonaron por medo ás represalias o territorio onde se asentou Paquistán, e outros tantos musulmáns trasladáronse á terra de promisión islámica. As feridas nunca pecharon e máis de cincuenta anos despois, seguen abertas, habilmente utilizadas polos políticos para distraer a atención da súa mala xestión ou para fomentar unha onerosa estratexia armamentística en latitudes onde a pobreza é o mal máis acuciante.




A dobre ferida paquistaní

Paquistán tamén padeceu a súa propia partición. Foi en 1971, tras un rápido conflito bélico que as autoridades paquistanís atribuíron ás intrigas de Indira Gandhi. Ata 1971, Paquistán era un só estado pero con dúas áreas separadas entre si por varios miles de quilómetros e coa India de por medio. Paquistán Oriental, que acabaría converténdose en Bangla Dex con capital en Dacca, era o froito da polémica partición británica de Bengala, cunha liña que separaba musulmáns e hindús, estes últimos con capital en Cólcata. Paquistán Oriental tiña daquela Carachi como capital e ocupaba un terreo de tradición islámica, próximo a Afganistán e Irán. A creación de Paquistán supuxo tamén a partición do Punxab, de maioría sik. Na fotografía, unha mostra do combates no centro de Dacca en 1971.



O hinduísmo

O hinduísmo é, sen dúbida, a relixión con maior capacidade de absorción das grandes correntes que perviven no mundo. De feito, o hinduísmo actual é a evolución dunha relixión antiqüísima que levaron á península hindustana os invasores indoarios e que se fundiu con algunhas das crenzas autóctonas. Poboada por centos de deidades, a Trimurti central –o mesmo artellamento do cristianismo– está conformada por Xiva –o deus da destrución e da reconstrución–, Vixnú –o mantedor– e Brama –o creador. Isto non implica que os teólogos hindús consideren a súa relixión monoteísta xa que, segundo a súa opinión, todas as deidades son manifestacións ou avatares dun ser único. A división en castes –enraizadas tamén na invasión indoeuropea–, a reencarnación, a inexistencia do libre albedrío e a súa nula vocación de proselitismo –que non impide a busca da hexemonía– son algúns dos trazos máis significativos do hinduísmo, tendente a identificar relixión e India.



A fonte do Islam

O Islam é a máis numerosa das relixións minoritarias da India –aproximadamente, un dez por cento da poboación– e está enconicada nas clases máis pobres. Islamismo e hinduísmo manteñen desde hai séculos un duro combate relixioso, aínda que houbo etapas no Sultanato de Deli e no Sultanato mogolo en que os emperadores de inspiración musulmá fomentaron a convivencia pacífica. Non obstante, aínda hoxe son frecuentes os conflitos entre ambas as relixións, candentes en especial no estado de Gujarat, onde nos últimos anos se rexistraron case tres mil mortos polos enfrontamentos, fomentados polo BJP, o partido fundamentalista hindú actualmente no poder.



O mosaico da fe

A India acolle unha ampla representación de distintas relixións: o sihismo –na foto, fusión de islam e hinduísmo–, o budismo –noutroora a máis importante–, os parsis –seguidores de Zoroastro e con gran peso na economía–, o cristianismo –que se enraizou en Cochín ó mesmo tempo que en Europa e pervive en Goa– ou o xainismo, decisivo na formación de Gandhi.



A guerra como motor que percorre a historia

A historia da India está callada de traxedias bélicas, fonte xa do poema máis influente do hinduísmo, 'O Bhagavad gita', onde Arjuna se cuestiona ir á guerra para combater ó exército dos seus primos, convencido ó final con habilidade polo deus Krixna para presentarse no campo de batalla. Nas últimas décadas, o historial non se reduciu, con conflitos constantes entre as potencias veciñas, en especial o Paquistán e a China –na foto–, coa que a India de Nehru –partidario de estreitar lazos con Mao– librou distintas contendas fronteirizas. Máis doloroso e sangrante é o enfrontamento con Paquistán, orixe de sucesivas guerras desde a independencia en 1947 e da carreira nuclear que ambos países comezaron a finais dos anos noventa. Simultaneamente, a India libra no interior un ronsel de conflitos que periodicamente enchen de mortos as páxinas dos periódicos. As guerrillas independentistas de Mizoram ou de Assam, de Aranuchal ou Manipur –estados situados ó leste, entre as fronteiras de Myanmar e a China– conviven con outros grupos radicais de esquerda, como o Centro Comunista Marxista (MCC) e o seu aliado Grupo da Guerra do Pobo (PWG). O MCC actúa ó noreste do país, como o estado de Bihar, cun índice de pobreza insufrible. Os maoístas, denominados na India naxalitas, teñen grupos guerrilleiros e terroristas en 14 estados, aínda que centran a maioría das súas accións en Andhra Pradesh, Orissa, Maharashtra ou Bihar.

rcl | 11
Galicia Hoxe 22/04/04



A cuestión de Caxemira

A cuestión máis delicada coa que se enfronta a India é a de Caxemira, un estado norteño que motivou varias guerras con Paquistán e no que se vive de novo unha situación de guerra latente desde finais dos anos oitenta, con atentados diarios e disputas constantes entre musulmáns e hindús. A cuestión de Caxemira arrinca xa na Independencia, cando os colonizadores británicos accederon a dividir o país en dúas áreas, a musulmana e a hindú, dependendo da relixión maioritaria da súa poboación. O caso máis especial foi o de Caxemira, onde os musulmáns superaban en número ós hindús pero onde gobernaba un maharaxá hinduista que, finalmente, se adheriu á India. A decisión foi contestada polos musulmáns –apoiados por Paquistán– coa guerra. Actualmente, Caxemira está dividida en dúas: unha de administración india e outra paquistana. Ningún dos dous estados, sen embargo, recoñece estas fronteiras.



Indira Gandhi, desde o poder á derrota e á morte

Indira Gandhi sucedeu ó seu pai Nehru á fronte do Partido do Congreso, que en 1969 se escindiou en dous, descontenta a á conservadora coa posición pro socialista de Indira. Dese xeito naceu o Novo Congreso, co que ela chegou a primeira ministra en 1971 cun programa de reformas socialistas e democráticas. Aínda que ó primeiro da súa xestión foi moi apreciada pola forma en que dominou a guerra con Paquistán e alentou a independencia de Bangla Desh, Indira non tardou en amosar o seu rostro máis autoritario na represión dos distintos separatismos que fervían no país. As acusacións de manipulación electoral en 1971 contribuíron a debilitala, unha situación da que ela pretendeu saír airosa coa declaración do estado de emerxencia e disolvendo os partidos políticos de esquerda e de dereita. Foi, para moitos historiadores, o único período ditatorial que tivo a India desde a súa independencia. As eleccións de 1977 acabaría por desterrala do poder e darlle o goberno ó Partido Janata, un conglomerado con considerable peso relixioso onde xa estaba o BJP e que tampouco logrou conservar a súa posición. O resultado foi que Indira gañou as eleccións en 1980 e comezou a etapa máis violenta da súa xestión, marcada pola corrupción, a represión e o enfrontamento cos independentistas sikh. A propia garda persoal sikh de Indira acabaría por matala en 1984, tres anos despois de que ela vira morrer nun accidente de avioneta o que elixira para ser o seu sucesor: Sanjay.



A saga dos Gandhi


Aínda que leve a confusións, a saga dos Gandhi non ten nada que ver, a través dos lazos do sangue, co Mahatma: refírese ós descendentes de Nehru, familia que porta este apelido. Tras a morte violenta de Indira, o seu fillo Rajiv colleu as rendas do poder no Partido do Congreso pero a súa xestión –enturbada polas acusacións de corrupción– non durou moito, xa que Rajiv morreu pola bomba que lle lanzaron os terroristas támiles durante un mitin que pronunciaba en Tamil Nadú, ó sur do país. A crise no Congreso quedou aberta e a familia pasou a un segundo plano. Pero a finais dos anos noventa, o partido decidiu que a viúva de Rajiv, a italiana Sonia Gandhi, fose a súa candidata a primeira ministra, o que provocou os ataques dos fundamentalistas hindús por tratarse dunha estranxeira. Sonia xa ten o relevo: Priyanka e Rahul, que se estreia nas eleccións deste ano. Na foto, incineración de Indira en presenza de (desde a dereita) Rahul, Rajiv, Sonia e Priyanka.



O fundamentalismo hindú do BJP e Vajpayee

Atal Behari Vajpayee é un poeta xa entrado en anos, solteiro e político de profesión, que se converteu na baza dos fundamentalistas hindús do Bharatiya Janata Party para arrebatarlle o poder ó Partido do Congreso, sumido no caos e na corrupción desde a morte de Rajiv Gandhi. Vajpayee pertence á á máis moderada do partido, o home que de novo reconducíu a relación con Paquistán (na foto) e está limpo de corrupción que, sen embargo, empana a boa parte do BJP: máis de 700 dos deputados que o sosteñen no poder teñen antecedentes criminais. O BJP (herdeiro ideolóxico dos asasinados de Gandhi) está a desenvolver a privatización e apertura liberalizadora do país, á que antes se opuxera con uñas e dentes. Nos textos educativos do Gujarat, o BJP subliña que Mussolini e Hitler non foron tan malos para os seus países pois marcaron etapas de prosperidade económica.

rdl | 13
Galicia Hoxe 22/04/04




Ayodhya, o símbolo da vergonza

O BJP, e o actual deputado vicepresidente Lal Krishna Advani con maior responsabilidade, foi instigador do acontecemento máis grave da loita interrelixiosa que rexistrou nos últimos anos na India: a destrución da mesquita de Ayodhya con máis de trescentos musulmáns dentro, todos eles asasinados. A acción provocou unha ondaxe de enfrontamentos que arrastrou centos de mortos. Lonxe de arrepentirse, o BJP converteu a construción dun templo a Rama sobre os cascallos da mesquita –levantada á súa vez sobre un santuario hindú– nun dos seus máis poderosos recursos electorais, do mesmo xeito que insulta a Sonia Gandhi continuamente pola súa orixe estranxeira, ou instiga o asasinato de islámicos e de cristiáns nos estados máis pobres.



Todo o mundo no seu sitio: o misterio sobre a orixe e a supervivencia do sistema de castes

O sistema de castes é un dos misterios da India: como se orixinou e como se arranxou para sobrevivir tanto. Creada, ó entender de moitos, polos brahmanes para manter a súa prioridade estenderíase logo polos invasores arios ata imporse sobre catro clases ben distintas, cada unha coas súas propias normas de conduta: Brahmanes (sacerdotes e xuíces do que está ben ou mal en temas de relixión ou de caste) os kshatriyas (que son os soldados e administradores) os vaishyas (de clase artesanal e comercial) e finalmente os sudras, que son os granxeiros e campesiños. Por debaixo de todos, os "intocables" coas tarefas máis baixas e degradantes: son os dalits: oprimidos e pisados. A pesar de que Gandhi realizara grandes esforzos para a erradicación do sistema, segue na actualidade e contra toda denuncia, vixente. Nacer nunha caste non se limita a unha ocupación ou posición anque como regra xeral existe esa correspondencia. De feito, cando as Indian Airlines contrataron o seu primeiro dalit como auxiliar de vo, saíu en portada dos xornais. Nun tempo, se un hinduísta de caste elevada usaba o mesmo templo que un intocable, era tocado por un, ou incluso se a súa sombra se cruzaba no camiño, críase contaminado e tería que pasar por uns rituais para purificarse. Na foto, intocables asasinados polos fundamentalistas indús






Feministas en acción ante a volta da autoinmolación do Sati e detrás das campañas de esterilización de Indira

Non é estranho que con campañas como "un transistor a cambio da esterilización" teña a India no seu haber un dos movementos feministas máis firmes. Colectivos de mulleres que viviu o paradoxo cruel: nunha época onde a primeira ministra Indira Gandhi era posiblemente a muller máis poderosa do mundo, o 75% das mulleres do país tiña moi pouca educación, os mínimos dereitos, traballos moi duros e mal retribuídos e moi poucas perspectivas de algo mellor. Claro que os problemas empezan ao nacer nacer. Incluso agora, prefírense ós varóns ao ofrecer seguridade na vellez dos maiores: tanto era o desexo de non ter femias que o goberno ditou unha lei para prohibir o aborto de fetos sans. Hai dez anos as clínicas de "determinación de sexo" foron prohibidas pero os abortos despois das revisións en clínicas ilegais de ultrasans continuaron. Seguenos matrimonios de conveniencia ou o dote que, anque está prohibido por lei, aínda se espera. Crese que o home está no seu dereito a pegarlle á muller e, aínda que elas conquistan espazos nas cidades, o BJP no poder encárganse de acentuar a represión tras a volta do Sati ou a autoinmolación da muller na morte do marido: son as mulleres santas. Na foto, tres irmáns suicidáronse en sinal de protesta pola falta de recursos dos pais para asumir a dote (1988)



Sendo India a maior democracia do mundo, con máis de mil millóns de persoas, calcúlase que máis da metade é pobre

Pobreza que non fame. Sendo India a maior democracia do mundo con máis de mil millóns de persoas calcúlase que máis da metade é pobre. 300 millóns son pobres de xeito extremo. Seguen as castas inferiores de xeonllos mentres uns cen millóns de indios, aproximadamente, son ricos e deles, uns 50 –máis que a poboación do Estado Español– son moi ricos. A pobreza na India ten un aspecto de clase, pero tamén de xénero, un aspecto rexional e de casta. Pero ¿quen son os pobres na India? O 40% son traballadores agrícolas sen terras, correspondendo as cifras máis elevadas ás mulleres. O 45% son campesiños pequenos ou marxinais, de xeito que para o 85%, o problema depende directamente da terra. Outro 7,5% dos pobres son artesáns rurais. E o resto, comprendidos os pobres urbanos, constitúen os “outros”: indios que se concentran en sete ou oito estados. Os dalits, os adivasis (tribos ou poboación indíxena) e algúns grupos das castas inferiores están desproporcionadamente representados nas cifras dos pobres da India.



Da aldea ás megacidades

A India é un país fundamentalmente rural, pero desde mediados do século XX rexistra un vertixinoso fluxo de inmigración do campo á cidade que converteu moitas das cidades en auténticas megalópoles, onde se mestura a pobreza máis desasosegadora coa riqueza máis insultante. Nova Deli, construída a carón da vella Deli, (abaixo, á esquerda) é a capital política e administrativa, mentres Varanasi –a antiga Benarés ou Banaras ou Kashi, arriba– é a capital espiritual, dominada polos brahmanas intransixentes e pola estreiteza da tradición hinduísta, pero tamén envolta na súa estraña beleza de cidade ancorada no pasado. Mumbai –a antiga Bombai, arriba á esquerda– a capital económica, apoiada desde os seus inicios pola capacidade comercial dos parsis. Cidade cosmopolita, dominada na economía polas mafias e no política polos radicais hindús, Mumbai conta con case vinte millóns de habitantes. Cólcata –a antiga Calcuta– foi a primeira capital da India, a sede inicial da Compañía británica. Hoxe segue a ser o centro intelectual e o fermento das ideas da esquerda. Bangalore e Hyderabad son as capitais tecnolóxicas.



A devastación en Bhopal: a morte de seis mil persoas

Ninguén esquece Bhopal, onde seis mil persoas morreron e alomenos 200.000 resultaron afectadas a causa dun accidente causado por un gas tóxico, nunha das maiores catástrofes da historia. Era un 13 de decembro do 1984 e a morte asolou a capital do estado federal indio de Madhya Pradesh logo de que procedentes dun depósito da zona de produción de insecticidas, a empresa química estadounidense Union Carbide, pasando por alto calquera dispositivo de seguridade para rebaixar custos, verteu trinta toneladas de metilisocianato altamente tóxico, contaminando unha área de máis de 60 quilómetros cadrados. Nunca se lles explicou aos habitantes do barrio de chabolas que lindaban coa fábrica que as chamadas das sirenas de alarma, que se accionaron con tres horas de atraso cando ocorreu o accidente, era un aviso de que se corría perigo de morte. En vez de fuxir, moitos correron cara á fábrica, xa que pensaban que se lles darían medicamentos. Union Carbide, que construíra a súa fábrica en India no medio dun poboado de xente pobre, foi nos anos oitenta un modelo de concienciación ecolóxica a nivel mundial.



A India dos récord

Os desastres, tanto naturais como non, logran na India cifras astronómicas: en 1888, 246 persoas morreron nunha saraibada mentres que unha presa que rebentou en Gujarat matou alomenos cinco mil persoas no 1979. Cifras que baten récords cando se refiren ás multitudes: o maior número de persoas reunidas deu un cálculo aproximado de 15 millóns no Kumbh Mela en Allahabad; unha cantidade semellante ás persoas que asistiron ó funeral do primeiro mandatario de Tamil Nadu no 1969. O máis alto, o máis grande e o máis longo está na India, que posúe récord de charlar sen parar (360 horas), de sosterse sobre un pé (34 horas), de aplaudir (58 horas e 9 minutos), de quedar quieto (máis de 17 anos) ou de arrastrarse (1.400 quilómetros). Se atravesas a ponte Howrah –a de maior tráfico do mundo: 60.000 vehículos ó día– chegas a Cólcata, onde un baniano do Xardín Botánico cobre 1,2 hectáreas; a copa máis grande do mundo. Na foto, pertencente á serie de Sebastiao Salgado sobre a India, hora punta nunha estación de Mumbai.



rdL19

Galicia Hoxe 22/04/04

É a beleza olor, estupor e harmonías

É a beleza olor dos sorrisos ante os muros decrepitos e as paredes encaladas con consignas irrecoñecibles aos estranxeiros. Olor en ondas de calor e torrentes de autos e ríos de xentes, vacas esquelitas sen dono, carros renxentes tirados por bois abúlicos, correntes de bicicletas sobre o paso dos 'sadhús'. Contrastes que se harmonizan no medio de santóns esborranchados envoltos en sedas laranxas nun abafante cheiro de descomposición. A beleza na porta dos tuburios, na mirada da muller que limpa as gabias. Vista, oído, olor, sentidos que –escribía Octavio Paz– producen mareo, estupor, asombro, alegría, entusiasmo, náuseas. Unha irresistible atracción cando o exceso de realidade se volve irreal. Na imaxe, unha fotografía de Brian Blake


20| **r|dl**

Galicía Hoxe 22/04/04



Tralos pasos de Bollywood que abre a industria máis grande do mundo e un fenómeno cultural sen precedentes na India

É India a gran produtora de cine do mundo. Mesmo por diante de Estados Unidos e Xapón. A súa importancia como vehículo de evasión e a súa evolución ligada aos avatares políticos e sociais do país, fan del un elemento cultural decisivo tralo que abrollan datos reveladores sobre a realidade da India. Bate Bollywood cifras moi superiores a Hollywood (428 longametraxes realizadas no ano 1972, por exemplo) abrindo, ó pé dunha escola máis comercial, toda unha industria de arte, produtos de culto, en Bengala. Unha historia que arranca antes da independencia coa proxección no 1913 da impactante Raja Hariscandra e que seguirá no 1931 coa produción da primeira película sonora, falada e cantada en hindi: 'Alam Ara' que abriu o camiño do cine nacional nun simple pretexto de inclusión do canto e a danza. Foi a independencia elemento decisivo nas factorías de cine de Mumbai e Calcuta impóndose a censura: houbo excepcións como a do cineasta Raj Kapur, autor de 'Awara' (O vagabundo, 1954) no que crea unha personaxe, na fotografía, inspirada en Chaplin. Será en Cannes onde se revele para occidente o cine indio que tivo en Satyajit Ray un auténtico mestre e na súa cinta 'Pather Panchali' o intento fructífero para terminar cos estereotipados clixés do happy-end.



Heroes e demos

As paixóns dos indios son o críquet, o xadrez e o cine. No críquet, o heroe indiscutible, o que celebran todos os rapaces e imitan os nenos é Sachin Tendulkar (á esquerda nunha foto infantil). Amitabh Bachchan (á dereita, abaixo) é o galán eterno do cine indio, un actor especializado en comedia e cine de acción que ideoloxicamente está próximo ó BJP. A súa figura está omnipresente na vida do país. Phoolan Devi, a raíña dos bandidos, –arriba– é a heroína dos pobres e o terror dos ricos. Protagonista dunha das páxinas máis controvertidas da resistencia política, Devi foi asasinada cando xa se reinsertara e iniciaba o seu andar como deputada baixo as siglas do comunismo. Salman Rushdie –‘Fillos da medianoite’, ‘Versos satánicos’...– e Arundathi Roy –‘O deus das pequenas cousas’– (á dereita, arriba) son os máis recoñecidos representantes da Literatura india en inglés. El está perseguido polos musulmáns; ela é unha inqueda activista, azoute dos que pretenden anegar o centro do país cun encoro.



Alimento do corpo e da alma

Ningún país como a India exerceu unha atracción e fascinación tan intensa. Tampouco hai moitos que chamen dun xeito tan irrevogable ós espíritos da solidariedade. O español Vicente Ferrer (arriba, á dereita) é unha figura da loita para devolverlles a dignidade ós millóns de pobres do país, a través de proxectos de desenvolvemento que concitan a admiración e o apoio de numerosas organizacións. En Cólcata, a albanesa Tereixa realizou un dos máis impresionantes labores de axuda ós máis necesitados. Tamén a India se converteu nun poderoso mercado espiritual, ó que miles de occidentais acoden na procura da verdade. Saibaba –arriba, á esquerda– é un dos máis populares: considérase un deus e posúe unha galería de milagros que el executa nas súas diarias comparecencias públicas. Osho (abaixo) foi o gurú dos hippies, un home de filosofía sincrética que, expulsado de EE.UU., se asentou na cidade de Puna, onde faleceu en circunstancias nada claras.



Cinco mil anos no avance científico e tecnolóxico

A India posúe unha tradición de máis de 5.000 anos no que respecta a avances científicos e tecnolóxicos. Mesmo as investigacións arqueolóxicas realizadas a través do tempo demostran a presenza de inxeñosos logros en áreas como a construción ou os sistemas de semente e rego. O mundo recibiu da cultura indú, o concepto "cero" logo levado polos árabes a Europa, ou o caso do valor Pi, descuberto por Aryabhat. As liñas de traballo hoxe son diversas: o laureado Premio Nobel C.V. Raman co efecto 'Raman na luz'; Bose coas estatísticas Bose-Einstein e investigacións con partículas físicas; Saha coa teoría da ionización termal en astrofísica; Ramanujam e as contribucións á teoría numérica; Narlikar e a súa teoría da evolución; Swaminathan, pioneiro da revolución verde na India; Jehangir Baba, pai do programa de enerxía atómica; e Abul Kalam, pioneiro do programa de investigación espacial indio.

rdL23

Galicie Hoxe 22/04/04




Tecnoloxicamente na vangarda


Destreza e alta tecnoloxía son dous criterios que ninguén discute cando se fala da industria india da tecnoloxía da información: tanto de software como de hardware, os enxeñeiros hindús brindan servizos a todo o mundo, aumentando os índices de exportacións. De feito arredor de 203 empresas ademais de Fortune 500 empregan hoxe servizos de software hindús que inclúe entre os éxitos a produción das computadoras máis rápidas do mundo. A este nivel medra a exploración espacial, na que a India non quere quedar atrás e sobre todo logo do anuncio dos plans de China, coa fabricación de satélites que é quen de colocalos en órbita. Após da Independencia, India embarcou nun programa nuclear. Hoxe é recoñecida como un dos países máis avanzados neste eido, ao igual que en biotecnoloxía.

29 / ABRIL DO 2004 - NÚMERO 512

r d l REVISTA
DAS
LETRAS



UE: A POESÍA DOS DEZ NOVOS



Somos 25

A poesía da ampliación europea

S. Noia e A.R. López

O próximo un de maio, a Unión Europea deixará de ser a Europa dos quince para transformarse na Europa dos 25, un reto que non está exento de polémica e de escepticismo. Revista das Letras achégase ás novas incorporacións ó proxecto europeo cun monográfico onde aparecen algúns dos nomes clave da poesía do continente, como o checo Vladimír Holan, pero no que tamén se dá entrada a voces sen apenas difusión fóra dos estritos círculos dos seus países. As traducións foron realizadas do inglés, ó castelán, ó francés e ó italiano. Nesta tarxeta de presentación, o lector poderá encontrar algúns dos poetas máis singulares do pasado século, como o conde Lubicz Milosz. Tamén se reencontrará con outros familiares ó lector galego como Tomas Salamun, traducido xa por Úrsula Heinze.

Estonia, Letonia e Lituania teñen un destino común, por encima das rivalidades que entre eles manteñen. Os tres foron parte do imperio dos tsars, naceron como países tras a Primeira Guerra Mundial e foron invadidas primeiro pola Alemaña nazi e despois pola Unión Soviética. Pero, ó contrario do que pode parecer desde a distancia, Estonia, Letonia e Lituania non son tan iguais como se cre aínda que todas sufriron unha 'rusificación' aínda sen superar. Recente integradas na OTAN, as repúblicas bálticas son os países de menor renda per capita de todos os candidatos á adhesión (xunto a Polonia), xa que os ingresos dun letonio ou dun lituano están en torno a un terzo da media europea. Non obstante a súa transición á economía de mercado está a ser bastante exitosa, sobre todo en Estonia, o primeiro país de Europa do leste que abandonou o rublo. Nos pouco máis de dez anos de democracia, as tres repúblicas cambiaron numerosas veces de goberno, o que xerou certa inestabilidade e fronte ó progreso e a modernidade das cidades, as zonas rurais permanecen moi atrasadas.

Como ocorreu na maior parte dos países ex-comunistas, as peticións populares de maior liberdade e apertura chegaron a finais dos 80 xunto ó reurdimento do espírito nacional. Estonia viviu –e propagou– a coñecida como "revolución das cancións", as concentracións para entoar cancións nacionais de man de modernos grupos de rock nas que participou un terzo da poboación estonia. Meses despois tiña lugar unha cadea humana de Tallin a Vilnius, unha protesta de 560 quilómetros na que participaron dous millóns de estonios, letonios e lituanos.

Estonia está informatizada ata a medula, o que lle permite ó goberno aforrar case 200.000 euros ó ano en papel e copias. O país considerou o acceso a Internet como un dereito máis co que conseguiu que case a metade da súa poboación utilice a rede, unha taxa que está por encima da que se rexistra en Inglaterra, Francia ou Alemaña. Non obstante, a Comisión Europea, no seu último informe do 2003, mostraba a súa preocupación pola falta de normativas que garantisen a igualdade entre sexos nesta sociedade e as carencias das súas políticas medioambientais.

Lituania desenvolveu unha transición económica na que o estado tiña un papel maior do habitual pero que tamén se considerase satisfactoria polas entidades correspondentes. Entre os seus éxitos: controlar totalmente a inflación (situada no 0,8). Con algunha das súas fronteiras aínda sen ratificadas, Bruxelas alertou dos problemas nos controis sanitarios alimenticios, igual que en Letonia e Polonia, ante enfermidades como as "vacas tolas".

Non obstante, unha das cuestións que máis preocupa deste país é a central nuclear de Ignalina, similar á ucraniana e maltreita de Chernobyl, que supón unha destacada fonte de ingresos para o país e, ademais de xerar o 80 por cento da enerxía de Lituania, exporta a Letonia, Bielorrusia e Kaliningrado. Un dos seus reactores pecharase o ano que vén por motivos de seguridade mentres que o outro se modernizou, grazas sobre todo ás achegas comunitarias, e seguirá funcionando en torno a unha década. Non obstante, as suspiencias proliferan ante os rumores de avarías e as carencias en política ambiental.

[Polonia e Hungría]

Polonia e Hungría foron dous grandes perdedores do século XX. Os polacos sufriron nas súas carnes e nas súas terras as dúas guerras mundiais, os húngaros as consecuencias de se aliñar cos vencidos e ambos os dous a invasión soviética. Agora miran ó futuro con esperanza pero tamén con preocupación. En Polonia, os agricultores temen polas súas explotacións e moitos polacos mostran o seu desencanto polos dous partidos tradicionais que os fixeron pasar por duros axustes económicos. Os húngaros, con maior prosperidade, loitan sobre todo por borrar dúas pantasma do pasado, o antisemitismo e o comunismo.

Un dos motivos de descontento entre os polacos é a intención gobernal e europea de que os case dous millóns de pequenas explotacións agra-

rias que existen na actualidade queden reducidas á metade, é dicir, que sobrevivan só aquelas con fins comerciais, o que non agrada en exceso a pequenos campesiños que ven as súas granxas en perigo.

Hungría foi provincia do imperio romano, país de esplendor con diversas monarquías e unha gran derrotada no século XX: na Primeira Guerra Mundial, cando formaba parte do Imperio Austro-Húngaro e perdeu tres quintas partes do seu territorio; na segunda, tras aliarse coa Alemaña nazi e cando os taques soviéticos esmagaron a revolución popular de 1956 do goberno de Nagy.

Con importantes relacións cos pobos eslavos do sur, os maxiares son unha nación de forte influencia alemana, cunha minoría xitana (que cando ingresen na UE Rumania e Bulgaria serán a maior minoría da Unión) que aínda é obxecto de discriminacións.

As sucesivas particións do país provocaron que 3,5 millóns de húngaros vivan repartidos en sete estados distintos pero, ademais, a alianza cos nazis segue sendo un episodio non totalmente superado, debido, segundo algúns analistas, á persistencia do antisemitismo en certos sectores da sociedade que tradicionalmente florece en épocas de crise.

[Checos e eslovacos]

Checos e eslovacos, tras gozar do esplendor de diversas dinastías e imperios que propiciaron unha cultura florecente, uníronse para dar forma a un país que 75 anos despois quedaría dividido en dous estados soberanos, a República Checa e a súa irmá pobre, Eslovaquia, ambas as dúas con grande influencia xermána. Agora enfrontáanse xuntos á incorporación á UE con feridas que seguen abertas e a lacra da corrupción.

A división de Checoslovaquia chegou en 1993 pouco despois da caída do bloque soviético debido, non só ó auxo do nacionalismo en ambos os dous pobos, senón tamén a conflitos de intereses das elites no poder e á decadencia económica de Eslovaquia.

Checoslovaquia foi un dos primeiros países en iniciar as reformas políticas e económicas aínda que o seu intento aperturista de 1968, a coñecida como "primavera de Praga" foi esmagada brutalmente polos tanques soviéticos. Vinte anos despois, un intelectual feito, Vavlav Havel ideara a "revolución de veludo" o derrocamento pacífico do réxime comunista en buca de maiores liberdades. Havel foi o líder que Chequia necesitaba pero Eslovaquia quedou falta de carisma e, unha vez separadas, con máis problemas de goberno.

Pese ós éxitos conseguidos por ambos os dous países, de resultados maiores na República Checa, que hoxe case dobra a Eslovaquia en renda per capita, a corrupción é un mal que asexa a ambos os dous. Unha enquisa de Radio Praga di este mes que máis do 64% dos checos cría que o seu país era corrupto e consideraba o suborno como algo normal e un 30% recoñecía telo utilizado en ocasións. E en abril do 2002 Bruxelas sorprendeu a súa axuda financeira a Eslovaquia ó ter dúbidas do uso que se daba a ese diñeiro. O paro é tamén unha lacra de Eslovaquia que cun 19,7% ten a taxa de desemprego máis alta de todos os países candidatos a súa veciña non supera o 8%. Na UE ampliada, estes dous países de tamaño medio terán a vista posta na Alemaña, o seu principal socio comercial e do que dependen economicamente aínda que iso non impide que a sociedade de ambas as dúas nacións sinta moita simpatía por todo o estadounidense e que os seus gobernos, tras o éxito de estar xa integrados na OTAN, tenten agradecer a Washington. (De feito, ambos os dous países, como case todos os que se incorporan, apoiaron a EEUU na guerra de Iraq e agora teñen tropas no país árabe).

[Os máis pequenos]

Os tres países máis pequenos dos dez que se incorporan á Unión Europea o 1 de maio son Eslove-

nia, un dos candidatos máis aplicados, e dúas illas colonias británicas: a pequena e conservadora Malta, cruzamento de camiños e punto estratéxico do Mediterráneo e a afastada Chipre, a illa onde permanece o que se denominou último muro de Europa, que divide a dúas comunidades enfrontadas que aínda non superaron a súa rivalidade.

Primeira ex república iugoslava que conseguiu a independencia e porta de entrada para a Europa do leste e os Balcáns, Eslovenia é o país de maior nivel de vida de todos os que ingresan agora na UE e o seu alumno máis aplicado (non houbo problemas nin sequera coa súa central nuclear, unhas instalacións que noutros países suscitaron controversia por carcer de certas normas de seguridade). Cunha renda per capita maior que a grega, un índice de desemprego menor que o de Francia ou Alemaña e un alto nivel de desenvolvemento, os eslovenos están esperanzados coa ampliación pero tamén pensan que talvez lle dean á Unión máis do que van recibir.

Tras a desintegración do imperio austro-húngaro, á fin da Primeira Guerra Mundial, os eslovenos uníronse a croatas e serbios para formar Iugoslavia pero a partir da década dos 70, aumentaron os desexos de independencia que se concretaron cando comezou a desintegrarse o bloque soviético coa celebración das primeiras eleccións multipartidistas no medio do réxime comunista, comicios que desembocaron na independencia do país en 1990 tras unha guerra que durou só dez días.

Desde entón Eslovenia caracterizouse por ter unha estabilidade política pouco usual na rexión, marcada pola forza dominante do Partido Liberal Demócrata, e unha integración étnica e cultural inexistente nalgúns dos seus veciños. Altamente cualificados, os eslovenos pasaron con éxito dunha economía comunista a outra de mercado. Un exemplo: máis do 25% da súa poboación usa Internet (fronte ó 17% que utilizan a rede en España).

Por outra parte están as dúas illas. Situada no medio do Mediterráneo, peza clave nos seus conflitos e cruzamento de camiños entre Europa e África –como o demostra o idioma maltés, medio latino medio árabe–, Malta é un arquipélago de cinco illas (dúas desertas) que se converterá no país máis pequeno da UE a 25. Este diminuto estado, (ocupa un terzo da extensión da Comunidade de Madrid) ten un marcado talante católico e conservador (o aborto e o divorcio non están permitidos) e ó incorporarse á Unión tras se garantiren diversas cláusulas. Unha das fundamentais é para non perder a súa neutralidade como país Non Aliñado pero tamén negociou excepcións agrícolas e pesqueiras, sobre venda de inmobles a estranxeiros e garantías para os seus estaleiros.

Cun gran legado histórico, os malteses son moi coñecidos pola súa hospitalidade e valentía, como demostraron ó resistir a alemáns e italianas durante a Segunda Guerra mundial, e tradicionalmente mantiveron fortes relacións con Libia.

Os chipriotas decidiron o sábado pasado nun dobre referendo, celebrado de forma paralela ó norte e ó sur da 'liña verde' que divide Chipre, dar o non ó proxecto de unificación da ONU. Coa vitoria do Non, só o sur grecochipriota, de maior desenvolvemento, se incorporará á UE e a fronteira cos turcochipriotas converterase nunha preocupante barreira dentro da Europa sen fronteiras.

Esta illa mediterránea fronte ás costas de Turquía leva 30 anos dividida, desde que en 1974 o exército turco invadiu o norte deste país, independizado de Londres en 1960, para defender a poboación turca (en torno a un 17 por cento dos pouco máis de 770.000 habitantes) do golpe de estado instigado pola ditadura dos coroneis gregos.

Non obstante, a axuda puntual converteuse nunha ocupación e na creación, por parte de Ancara, dun estado satélite na zona –máis rica da illa. Na-ceu así, en 1983, a República Turca do Norte de Chipre, unha nación fantasma só recoñecida por Turquía e que a ONU declarou ilegal, limitada ó sur por unha 'liña verde' militarizada que separa dúas metades dunha mesma realidade que non tiveron contacto durante décadas. O norte é a zona de maiores recursos pero ó estar marxinalizada do comercio internacional, o nivel de vida descendeu notablemente e os turcochipriotas teñen unha renda per capita tres veces menor que os grecochipriotas.

Andres Ehin
(Estonia, 1940)

[Un abreinte de aramio]

Un avogado
coa súa xiringa de xustiza
insecta fantasvapor
que borbolea antisepticamente
cada inxectado
converterase nunha pantasma vaporosa de
pre-al-ba
a irmá media do avogado
é unha máquina que malla
gran en arrobamento
ela morde ese arroibamento
e á man da
muiñeira de dezasete anos
cunha forquita
o abreinte aramado da infancia
está a florecer xa
e agarran a súa queimadura vermello-sangue
todos os comités executivos aínda non formados

(1980)

[Lúa chea de mediodía]

Cada medianoite atácame o sol,
o meu escritorio e a miña cama arden,
mesmo o refrixerador na cociña se queima.
Esperto e o teito desapareceu.
Asómbrame que o piso me soporte aínda.
Cada mediodía a lúa remóntase á bóveda do ceo
E sopra e espárese as cinzas do leite,
saltan rebentos e o viño empúrranos ó abaneo
arredor das ruínas do escritorio.
Desde os seus caixóns terrapálidos elefantes
de templo
levantan os seus troncos ás estrelas diurnas.
Encantado, convértome na papoula
golpeando as súas sementes sobre o pan
na man da miña muller que canta.
O teitador cabecea nalgunha parte do horizonte
un peitouna debaixo da súa cabeza.
Na cociña o refrixerador alasa de novo
raios de lúa chispean como amigables vagalumes
no meu pelogorila, a miña barba e egua.
Non temendo a lúa, os nenos ruben xa
ás sabias trabes autolevitantes.
Con redondos moquetes rechonchos sopran
a delgada cheminea que comeza
a formigar como un poste telegráfico
ó lado da recta estrada en noite invernal
a través dun bosque de grandes abetos vermellos.
Agora espeto o meu nariz, abro grandes
os meus ollos insolentes para ver:
plenilundia está seguramente aquí

Andres Ehin naceu en Tallinn, Estonia, en Marzo de 1940. Entre 1965 e 1974 traballou como editor e escritor para diversos periódicos e diarios en Tallinn. En 1974 trasladouse a Rapla e consagrouse de tempo completo á escritura e á tradución independentes. A primeira colección de poemas de Ehin, 'The Wolf's Oak', foi publicada en 1968. Ten seis volumes de poesía nas librerías: 'Door on the Expanse' (1971); 'Let the Little Bird Blather Outside' (1977); 'Spiritual Nostrils' (1978); 'I Sip the Darkness' (1988); 'Full-Moon Middy' (1990); e 'Consciousness is Snakeskin' (1996). Ehin obtivo o premio ó poeta do ano outorgado pola revista 'Looming' por poemas publicados na súa revista en 1994, ademais do premio da Estonian Culture Capital polo libro 'Consciousness in Snakeskin' como a mellor colección de poesía de 1996. Ehin ten numerosos ensaios de poesía, traducións e artigos periodísticos publicados.

Edvins Raups
(Letonia, 1962)

[...]

Ela posuía vinte e seis veráns, un esposo
e unha pandeireta de prata Ela pídemme
que escriba isto da forma máis simple:
o seu sometemento á terra e ó dar a luz
ás catacumbas onde o amor flota libremente
o seu desexo de ver nos flancos do corazón
sequera unha sombra cun rostro
humano de eternidade mais ninguén
estivo alí A súa transformación nocturna en
ánfora grega logo quebrada e a ascensión do seu laio
o
cara ó Ceo como pequenos aneis dados por Deus
Ela desexa que saúde a aquela besta
que veu do mar das sete cabezas:
vermellos labios negros ollos e un selo
en lugar do corazón E a perda da memoria
e unha man de almirez de esencia de piñeiro para
deter
o pranto interior: iprotexe baixo as túas ás
esvaécete en gozo! En verdade ela supón
que non hai esperanza para amar Deste modo
ela permanece alí nalgún lugar
así de simple.

[...]

Bestas facendo o amor
no deserto. A area
incendia os seus ollos. O seu
goteo
petrifica
o pasado perdoa
todo futuro
tamén este momento
Que outra cousa
radiante radiante
somos os embrións malogrados
da Soidade
embrións mutilados
montículos mortuorios
capaces de imitar a nada
Terra
Deserto
Coito

Edvins Raups naceu en Sigulda, Letonia, en decembro de 1962. Publicou os libros de poesía: '33 dzejoli' (1997); 'Dzi-vodamies' (1995); e 'Vexa nav' (1991). Traduciu ó letón o libro 'Rayuela' de Julio Cortázar (2001). Foi editor de cultura dos periódicos 'Neatkariga Rita avize' (1994-1996) e 'Neatkariga Rita avize' (2001). Realizou estudos de inglés na Universidade Estatal de Letonia e de Lingua Española na casa de Profesores, en Riga.

Lubicz Milosz (Lituania, 1877-1939)

[...]

Os mortos están ebrios de chuva antiga e sucia
alá no estraño cemiterio de Lofoten.
O reloxo do desexo bate afastado
entre os cadaleitos sórdidos de Lofoten.

E grazas ás foxas que o entretempo espile,
os corvos cebáronse con fría carne humana,
e grazas ó delgado vento con voz de neno,
o somo é doce para os mortos en Lofoten.

Xa non verei xamais, nunca xamais,
nin o mar nin as tumbas de Lofoten,
e non obstante hai algo en min que me fai amar
ese recuncho extremo e toda a súa congoxa.

Suicidas, afastados e desaparecidos
do estraño cemiterio de Lofoten
-íque raro e doce soa o seu nome ó meu oído!
Dicídeme se é verdade estades durmidos, ¿estades
durmidos?

Poderías contarme cosas máis ocorrentes,
clarete que rebordas na miña copa de prata;
historias máis amables ou menos loucas
e deixarme tranquilo co teu eterno Lofoten.

Hoxe fai bo e na casa, esvara docemente
a voz do mes máis melancólico.
¡Ah, os mortos, os mortos, aínda os de Lofoten;
os mortos, no fondo, están menos mortos cá min...!

.....
Lubicz Milosz é, probablemente, o poeta máis singular do
parnasio lituano e unha das figuras máis enigmáticas e ex-
travagantes da historia da Literatura do século XX. Nacido
en 1877 no seo dunha familia de raíces aristocráticas que
arrincaban do século XI e cunha nai xudía de Polonia logo
convertida ó catolicismo, os seus estudos realizounos en
París, cidade na que residiu desde 1889 e á que viaxaba
con frecuencia acompañando seu pai, un home inestable e
enfermo que recibía tratamento na capital francesa, tras
unha vida na que non faltaran as cacerías en África e os in-
ventos de aeronáutica. Cos anos, convertersase no repre-
sentante de Lituania en París. A primeiros de século come-
za a publicar os seus poemas e nestes primeiros textos
aparecen xa os síntomas da súa poesía, como a voluptuo-
sidade da tristeza e un hedonismo decadente, que pouco a
pouco o irán orientando cara á inspiración orientalista, tan
de moda no seu tempo, cunha teoría que, en certo modo,
expresa desde o punto de vista metafísico a relatividade de
Einstein. Á morte do seu pai, herda unha gran fortuna, que
lle permite viaxar por Europa, nunha vida de luxo que se
acaba en 1924 coa revolución bolxevique e a incautación
da súa fortuna. Enfermo de licantropía, tivo alucinacións
que lle proporcionaron visións místicas e arrastraron a
súa poesía cara á metafilosofía. Tamén se interesou pola
figura de Don Juan. Os últimos anos da súa vida dedicou-
nos a escribir sobre o folclore lituano e á eséxese bíblica.
"Eu vin", escribe, "E quen viu cesa de pensar e de sentir.
Só sabe describir aquilo que viu". Publicou, entre outras
obras, 'Le poème des décades' (1899), 'Les sept solitu-
des' (1906), 'L'amoureuse initiation. Extrait des Mémoires
du chevalier Waldemar de L...', (1910), 'Les éléments'
(1911), 'Miguel Manara. Mystère en six tableaux' (1913) e
'Les arcanes' (1927). A influencia de Milosz foi crucial na
formación intelectual do seu sobriño, Czesław Milosz, o
poeta novelo polaco (1980) nacido en Lituania ó que lle
descubriu o pensamento de Simona Weil e ó teósofo sueco
Emmanuel Swedenborg.

Wisława Szymborska (Polonia, 1923)

[O gran número]

Catro mil millóns de xentes sobre esta terra,
e a miña imaxinación é a que era.
Non se lle dan ben os grandes números.
O que a conmove segue a ser o particular.
Voa na penumbra como a luz dunha lanterna
revela só os primeiros rostros da fila,
mentres o resto se perde no abismo cego,
no non pensamento, no non esquecemento.
Pero isto, nin o mesmo Dante o detería.
E qué dicir cando unha non o é,
aínda con todas as musas ó meu carón.

Nom omnos moriar –pena prematura.
Pero, ¿acaso vivo enteira?, ¿E se isto basta?
Nunca bastou, moito menos agora.
Elixo rexeitando pois non hai outro xeito,
pero o que rexeito é máis numeroso,
máis espeso, máis insistente que nunca.
A costa de perdas indescribíbeis, un poemiña, un sa-
louco.
A unha chamada estrondosa respondo cun susurro.
Cánto silencio, non o contarei.
Un rato ó pé da súa montaña materna.
A vida dura unhas poucas pegadas de uña sobre a
area.

Os meus soños, incluso, non son, como deberan, po-
pulosos.
Hai máis soidade neles que multituds e balbordo.
Ás veces, pasa un momento alguén xa difundo.
Unha soa man move o tirador.

A casa baleira cúbrese de anexos de eco.
Desde o umbral baixo correndo ó val
silencioso, como de ningún, xa anacrónico.

De onde aínda este espacio dentro de min.
Non o sei.

.....
Wisława Szymborska é unha das poucas mulleres poeta
que recibiu o premio Nobel polaco. Naceu nun lugar da
provincia de Poznań, pero trasladouse, xunto coa súa fa-
milia, en 1931, a Cracovia, cidade á que sempre estivo liga-
da. O seu primeiro libro publicado foi 'Busco a palabra'
(1945), pero non comezou a conseguir recoñecemento li-
terario ata a aparición, en 1952, do seu poemario 'Por iso
vivimos', que foi seguido de 'Preguntas formuladas a unha
mesma' (1954), ambos os dous na liña historicista propia
do realismo socialista imperante nese momento, froito da
súa admiración polo poeta ruso Vladimir Maiakowski e do
rexeitamento ós horrores da ocupación nazi en Polonia. A
partir de 1956, desenvólvese en Polonia, como noutros
países da área soviética, un sentimento nacionalista no
que participan activamente moitos intelectuais que bus-
can unha vía para condenar e superar todo o que foi o pe-
ríodo stalinista. Szymborska opta por unha reflexión per-
soal e intimista que lle devolva un equilibrio espiritual.
Nesta liña escribe 'Chamada a Yeti' (1957) que é un axuste
de contas co seu propio dogmatismo anterior. A crítica viu
no Yeti a lósis Stalin. Séguenlle 'Sae' (1962), na que se for-
mula a vida humana como parte de todo un proceso uni-
versal, escrita cun fino humor e sobriedade; e despois,
'Cen consolos' (1967), 'O gran número' (1976), 'Xente na
ponte' (1986) e 'Fin e principio' (1993), nos que xa aparece
perfilado o seu estilo intimista, irónico, paisaxístico e exis-
tencialista. A obra de Wisława Szymborska está conside-
rada como unha lírica impregnada de dúbida metódica
con claras intencións éticas.

Erik Groch (Eslovaquia, 1957)

[...]

A poesía é as vacas e as ovellas e os cabalos e os homes
e todos aqueles que,
sen importar cal sexa o lugar do mundo,
no medio dunha chuva fría,
no medio dunha noite fría
se poñen a rir mirando o ceo por riba das súas cabezas
como se houbera sol.

Vlastimil Kovalcik

[...]

Galopa e galopa aquel que cabalga os soños, como se non
puidese en ningún dos lugares que cruza, espertar.
Pero incluso así, mira ó fondo seus ollos: nas feridas.

.....
Nos anos oitenta, xurdiu en Eslovaquia (daquela aínda integrada en Checoslovaquia) o grupo Osamelí bezci (Corredores Solitarios), que tratan de expandir a noción de imaxinación e a tradición da literatura eslovaca. A súa contribución supón a máis radical aposta da historia da poesía eslovaca. Dous dos autores desta xeración, (da que tamén formaban parte Iván Lucík e Peter Repka) J. Strasser and Iván Strpka, tiveron unha notable influencia despois de 1989: J. Strasser, que foi o editor xefe de 'Slovenské pohľady' (1990-93), ou I. Strpka, editor xefe de 'Kultúrny život' (1990-93). Tras os cambios políticos de 1993 (a fundación da República independente de Eslovaquia) e nun novo clima oscial, os membros desta xeración perderon posición, en especial pola súa crítica ó concepto de cultura prometido polo populista presidente de entón, Meciar, ou por ir en contra da noción nacionalista que se trataba de impoñer na literatura. Peter Repka exiliouse, Ivan Lucík deixou de publicar durante dúas décadas e Iván Strpka dedicouse a escribir letras de cancións. Os poemas que reproducimos son de dous dos poetas que xurdiron do movemento dos Osamelí, se ben o caso de Erika Groch o fai a través do grupo creado, a comezos dos anos noventa, arredor do disidente Marcel Strúko.

Valdimir Holan (Chequia, 1905-1980)

[Na noite profunda]

“¿Como non ser?” , preguntaste e ata acabas por dicilo en voz alta...
Pero a árbore e a pedra o calan,
aínda que ambos os dous son fillos da palabras e polo tanto mudos,
xa que a palabra se asusta de ver o que foi dela...
Pero os nomes aínda os teñen. Os nomes: piñeiro, pradioiro, álamo... E os nomes: feldespato, basalto, fonolita, amor... Nomes fermosos, só que asustados de ver en qué se converteron.

[Pero o tempo]

“¿Que hai no teu corazón?” , preguntoume a vida.
Era unha pregunta tan súpeta,
buscaba tan pouca escusa,
que quixen responder: ¡Nada!

Pero o tempo (que en pé xunto a unha columna de pedra
brigou hai moito a sentar en todas as catedrais)
díxome: “¡Mentireiro, ese lugar que en ti ocuparon as mulleres
só no inferno permanece baleiro!”.

[O poeta]

Ó recibir sentías a misión.
¡Oxalá nela foras sempre un oferente!
Se, en cambio, pensas que os teus versos
tiveron pernicioso influencia noutras almas
(e elas puideron influir tamén así
xa que ata a vergenza pode aínda ser o teu orgullo),
entón ¡ai de ti!
A poesía é as vacas e as ovellas e os cabalos e os homes
e todos aqueles que,
sen importar cal sexa o lugar do mundo,
no medio dunha chuva fría,
no medio dunha noite fría
se poñen a rir mirando o ceo por riba das súas cabezas
como se houbera sol.

Vlastimil Kovalcik

[...]

Galopa e galopa aquel que cabalga os soños, como se non
puidese en ningún dos lugares que cruza, espertar.
Pero incluso así, mira ó fondo seus ollos: nas feridas.

.....
Vladimir Holan está considerado o gran poeta checo do século XX. Educado no campo e, logo, participe da independencia da Checoslovaquia, Holan cantou á URSS e ó Exército Vermello nas súas composicións, convencido pola revolución soviética, pero iso non impediu que fose cualificada de formalista e decadente en 1948 e durante quince anos foi condenado ó silencio público. Encerrado na súa casa da illa fluvial de Kampa, no centro de Praga, transformou o seu ostracismo nun incansable período de creación. A súa poesía está traducida ó castelán por Clara Janés e da súa tradución provén a versión en galego.

Tomaz Salamun (Eslovenia, 1941)

[Esmalte]

O destino faime rodar. Ás veces como un ovo.
 Ás veces
 abálame coas súas gadoupas pola costa. Berro.
 Resistome.
 Acirro todo o meu xugo. Non debería facelo.
 O destino pode apagarme, iso xa o sentín. Se
 o destino non nos animase, estaríamos mortos
 no acto.
 Vivín días e días co tremendo pavor de que o sol
 nunca máis saíra. De que aquel fóra o meu
 derradeiro día.
 Sentín como a luz se escorría de entre as miñas
 mans, e se
 non tivese suficientes moedas no meu peto e a
 voz de Metka non fose o suficientemente doce e
 amable e
 concreta e real, a alma escaparíase do corpo
 como algunha
 vez haberá de facelo. Coa morte hai que ser amable.
 O fogar é de onde vimos. Permanecemos vivos
 un instante.
 Mentres o esmalte estase a secar.

[A medida do tempo]

iOh ti, que fas posible o puro gozo!
 O sufrimento e o abandono, a sementeira calada,
 o mudo envelenamento do xugo e as células.
 Que me traizoas e axustas as correas. ¡Máis! ¡Máis!
 Que espremes con cruel dozura a morte en min.
 Un ladrón é o meu Grial.
 Que te olvidas de min.
 Que rompiches o meu sangue apenas
 te entrei.
 ¡Monstro idéntico!
 Nada sabes de perdas.
 En quen a única pegada de pracer sobre o teu
 coiro se dispara naquela millonésima
 fracción de segundo en que tomas
 o cash.
 Só naquel momento te estremeces.
 Que coa ollada queimas e reduces a cinzas.
 Que tes a fragancia do feo.
 ¿Que esperas, férreo príncipe? O meu
 Saturno xa está a partir.
 ¡Aperta!
 ¡Engástate na embriguez e mira!
 Todo oscila: o mar, a lúa, Li Tai Po.
 ¡Non mires para atrás, amado meu!
 Xunto a quen vivín a máis terrible
 entrega.
 ¡Dígoche que non mires cara a atrás!
 Es un e único.
 Só a túa neve é cristal e muro.

Tomaz Salamun naceu en Zagreb en 1941. É un dos grandes poetas eslovenos contemporáneos. Os volumes da súa poesía traducidas ó inglés, inclúen: 'The Selected Poems of Tomaz Salamun', Ecco Press, 1988; 'The Shepherd, The Hunter', Pedernal, 1992; 'The Four Questions of Melancholy', White Pine, 1997; 'Feast Harcourt', Brace, 2000; e 'A Ballad for Metka Krasovec', Twisted Spoon, 2001. A súa poesía, segundo os seus editores, rompe coas formas tradicionais e crea textos rebuldeiros, irónicos, provocadores... A súa poesía parte das crueis experiencias de guerra, violencia, morte, destrución, as escenas cotiás do home ameazado. A súa obra foi difundida en Galicia, e con traduccións ó galego, por Úrsula Heize.

Hugo Muncaci (Hungría, 1959)

[Liñal]

Non me importa
 que o autobús se pare
 e que ti queiras descender.
 Detéñote e ti, despois de todo,
 non opós demasiada resistencia.
 Decides quedar un momemnto máis.
 Seguimos falando,
 coa cabeza pegada á fiestra,
 falando
 como se morderamos o aire,
 como se o aire anunciase
 un día espléndido
 e ti, finalmente, decidises bicarme.

Non vai ser posible.
 Acabas por fartare
 e xa me resulta imposible reterte.
 O autobús para
 e ti baixas.
 ¿Quen comprende isto?
 Deixa a miña cara rozar a túa man.
 Sei que iso é o único,
 que non podo ir máis lonxe contigo:
 o noso camiño conduce a ningunha parte.
 De ti queda o que queda comigo.

Hugo Muncaci pertence á última xeración de poetas húngaros, xurdidos despois da caída do muro e tras as transformacións políticas e económicas do país. A obra de Muncaci desenvólvese entre o cotián do absurdo e, sobre todo, a imposibilidade, a impotencia, mediante a cal transmite en certo modo as características dunha sociedade na que aínda conviven as vellas tensións. Entre os seus libros, figuran 'Desastre' (1993), 'A liña amarga' (1996) e 'Ssen-sur' (2000), ó que pertence este poema.

Neshe Yashin (Chipre, 1959)

[A gran palabra]

Cando o poema profira a gran palabra
todas as armas quedarán ó mesmo tempo en silen-
cio
a palabra que é a voz do
sangue derramado e o berro de sufrimento
a palabra que é proferida polo coro dos mortos
e pola multitude exilada da historia.
Ela será murmurada pola flor
a nube en bagoas no ceo
as raptadas ondas do mar
e os nenos que non queren
ir ó exército.
Ese día, un novo amor emerxerá
entre a espuma do mar
e a súa indistinta nacionalidade.
A guerra morrerá de vergoña
mentres o silencio comeza a tomar vinganza
da historia

e as palabras máxicas
bicarán o vento do amor.
Se ser desleal á outra metade
me entregara a terra natal enteira

o teu nacionalismo será un ovo de cornudo
eu traizoaréite
aínda co teu sanguento exército atrás do meu
eu farei o amor con todos os inimigos
eu traizoareite
sobre todos os continentes desta terra.
Cando o poema profira a gran palabra
todos os negocios e as negociacións
chegarán a un fin sen nada pendente por dicir.
Todos os mediadores estarán desempregados.
A historia rendirase
baixo esa gran palabra que carga
as estrelas e os ríos
o interminable amor facendo de todos os tempos
os sons, a chuva, e os mares.
Cando a gran palabra
sexa proferida polo poema
acaso os poetas serán executados
ou a paz descenderá sobre a terra.

Neshe Yashin naceu en Nicosia, Chipre, en febreiro de 1959. Publicou, entre outros, os libros de poesía 'Sumbul ve Nergis' (1979); 'Savaslarin Gozyaslari' (1980); 'Kapilar' (1992) e 'Ai Asktañ Yapilmistir' (2000). Publicou tamén algúns ensaios. Actualmente desempeña-se en programación radial, en radio Astra e Radio Pik e directora da sección de Educación Especial na Universidade de Chipre, Departamento de Estudos Turcos. Escribe en turco e pertence á área de Chipre que non entrará na UE.

Joe M. Ruggier (Malta, 1947)

[Despois da sesta]

Coa luz das estrelas alostrando
e a lúa oblicua
e a curva do arco iris
¿Que podería facer el?

Cando o morteiro rompeu
onde el mesturaba o erótico
e o cómico, deixouno
sen narcóticos.

E a súa mirada dixo "tolo"
ou "no mellor dos casos, un covarde"
Pero uns poucos dixeron "parvo"
e deixárono quedar.

[Lendo as follas]

Pense na súa pregunta. Concéntrese.
Remexa á súa cunca tres veces e axite o té.
As formas que quedan son auspiciosas.
Os agoiros feroces, estes signos indican
o seu futuro, unha coroa e unha cruz para o destino.
Pense na súa pregunta. Concentrado.
Remexa a súa cunca tres veces e axite o té,

daquela lea os presaxios que as follas deixan.
Consulte o dragón e a flor de lis.
¿É o sino do seu amante ou do seu inimigo?
Pense na súa pregunta. Concentrado.
Remexa a súa cunca tres veces e axite o té.
As formas que queden son auspiciosas.

Joe M. Ruggier naceu en Malta en 1947. É un autor bilingüe en maltés e en inglés. Traballa como editor e dirixe a revista alternativa 'Multicultural', que publica sobre todo poesía, gravacións sónicas e obras de ficción. Entre as súas obras figuran 'Mystery Inteligible' (1985), 'Nos suburbios de Europa' (1991) ou 'Señora Vancouver' (1997).